

Número 8 - Ano 2021.

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

24 de xuño de 2021

Sendo ás dez horas e cinco minutos do día vinte e catro de xuño de dous mil vinte e un, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense por medios telemáticos os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Sostibilidade Urbana; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZA O ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 21 de xuño de 2021 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DIA:

A) PARTE RESOLUTIVA

INTERVENCIÓN

1/92 SUPLEMENTO DE CRÉDITO - CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2/2021.

2/93 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚMERO 11/2021.

FACENDA LOCAL

3/94 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA LEGALIZACIÓN E NOVAS CONSTRUCIÓNS PARA A AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE EXISTENTE EN CAÍNZOS (LAMAS), 1.

4/95 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRAL DE BIOMASA E INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO DO ANTIGO HOSPITAL XERAL DE LUGO NA RÚA SERRA DE OUTES, 31.

PERSOAL

5/96 RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DO EXCMO. CONCELLO PLENO, NÚMERO 10/60, ADOPTADO NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2021, POLA QUE SE DESESTIMA SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE.

PROPOSICIÓNS

6/97 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 206/2021 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA.

7/98 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 207/2021 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A CONCESIÓN DE INDULTOS A CONDENADOS POLO "PROCÉS".

8/99 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 208/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REMUNICIPALIZACIÓN DO SERVIZO DE GUINTASTRE.

9/100 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 209/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA PARALIZAR AS OBRAS DO CARRIL BICI EN TANTO NON HAXA UN ESTUDO DAS ALTERNATIVAS DE APARCAMENTO Á VECIÑANZA.

10/101 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 210/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REVISIÓN DAS NOVAS LIÑAS, IMPULSAR A GRATUIDADE DOS TRASBORDOS DE BUS ASÍ COMO A GRATUIDADE DO SERVIZO PARA MENORES, XUBILADOS E PERSOAS DE ESCASOS RECURSOS.

11/102 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 211/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL A FACER A CIRCUNVALACIÓN DO BURGO.

12/103 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 212/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR AO GOBERNO DE ESPAÑA QUE RESPECTE AS DECISIÓNS XUDICIAIS E NON CONCEDA O INDULTO AOS LÍDERES INDEPENDENTISTAS CATALÁNS CONDENADOS POR SEDICIÓN.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

13/104 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 5 DE MAIO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

CONCELLO E CIDADANÍA

14/105 INFORME ANUAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ANTERIOR, PREVISTO NO ARTIGO 131.4 e) DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO PLENO DO CONCELLO DE LUGO.

ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

A) PARTE RESOLUTIVA

INTERVENCIÓN

1/92 SUPLEMENTO DE CRÉDITO CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2/2021.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 15 de xuño de 2021, do seguinte teor literal:

“Asunto: Proposta de aprobación de Proxecto de Modificación do Orzamento do Concello de Lugo Suplemento de crédito- Crédito Extraordinario Núm 2/2021.

Importe: 969.641,66 euros

Destino:
- Demolición Inmable sito na CS5 “O Garañón”

Financiamento: RTGX

Mediante Decreto da Area de Economía número 1466/2021 do 26/2/2021 aprobouse a liquidación do Orzamento do Concello de 2020, na que se puxo de manifesto a obtención dun Remanente de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible por importe de 42.749.502,50 euros.

O Superávit en termos de contabilidade nacional segundo a normativa SEC95 se elevaba a - 9.603.348,86 euros.

O presente expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de suplemento de crédito ten a finalidade de dar cobertura ás obrigas económicas que se desprenden dos seguintes expedientes: Demolición Inmable sito na CS5 “O Garañón”

En consecuencia, e tendo en conta a aprobación dos expedientes de modificación orzamentaria tramitados, logo de ver o informe de Intervención Ref.: 2021/ 980 de data 14/06/2021 e considerando a inexistencia ou insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias de referencia no vixente Orzamento, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito/Crédito Extraordinario (2/2021) por importe de 969.641,66 € co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Cód.Proxecto	Aplicación Orzamentaria		Importe
21RT00006	15100.60900	Demolición Inmable CS5 “O Garañón”	969.641,66 €
		TOTAL	969.641,66 €

ESTADO DE INGRESOS.Financiamento:

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	969.641,66 €

2) Expoñer este expediente ó público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispondrá dun prazo dun mes para resolvelas."

B) DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 18 de xuño de 2021.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 23 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 2 do Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito/Crédito Extraordinario (2/2021) por importe de 969.641,66 € co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Cód.Proxecto	Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO VI	Importe
21RT00006	15100.60900	Demolición Inmoble CS5 "O Garañón"	969.641,66 €
		TOTAL	969.641,66 €

ESTADO DE INGRESOS.Financiamento:

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	969.641,66 €

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispondrá dun prazo dun mes para resolvelas.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Ben, para iniciar o debate, pois ten 3 minutos o concelleiro responsable da área de Sustentabilidade Urbana, o portavoz do Goberno, o señor Santos.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moi bos días a todas e a todos. Moitas grazas, señora alcaldesa.

Como ben anuncia o secretario, abordamos agora un asunto que o que pretende é dispoñer do crédito suficiente para a elaboración do proxecto e tamén a súa execución da demolición da edificación erixida nas costas do parque coñecidas por toda a Corporación e por toda a cidadanía de Lugo. Unha demolición que é precisa porque hai unha sentenza do ano 2011, se non me engano, do Xulgado Contencioso- Administrativo, que anula a licenza, o título habilitante polo que esa edificación foi erixida. Unha sentenza que foi ratificada e adquirida a súa firmeza despois nunha sentenza tamén do Tribunal Superior de Xustiza, o que significa que esa licenza ou título habilitante polo que se edificou está anulado.

E iso, a interpretación e as aclaracións que ten feito a xurisprudencia e o Tribunal Supremo do mesmo refírese en concreto na seguinte expresión: “El principio de legalidad determina que la anulación de una licencia implique la obligación de proceder a la demolición de lo ilegalmente construido a su amparo, aun cuando ello no haya sido declarado en el fallo de la sentencia del Tribunal Superior de Justicia y del Juzgado de lo Contencioso”. Polo tanto, o escenario administrativo antóllase suficientemente claro.

Tamén o escenario da realidade patrimonial ou da situación desa edificación. Parece evidente que non hai vontade ou capacidade por parte da propiedade para proceder á súa demolición. Polo tanto, transcorrido o tempo suficiente, dende o Concello consideramos preciso impulsar xa a materialización, a execución e o cumprimento desta sentenza, que anula, insisto, o título habilitante polo que se edificou esa construción e que, segundo se ten interpretado prolifricamente na xurisprudencia, pois acepta e a consecuencia é a demolición do erixido e construído baixo ese título habilitante.

Para proceder a iso, debemos impulsar un procedemento administrativo que se incoará, que se impulsará, que se desencadeará despois da obtención do crédito suficiente para que, unha vez ratificada a incapacidade ou a falta de vontade, xa dentro da tramitación administrativa xurídica formal da execución á que se intimará a propiedade da execución da demolición do edificio, teñamos a garantía de que podemos facelo subsidiariamente, para o que é preciso ter crédito e ter un proxecto

de demolición, que ao fin ao cabo é o que hoxe sometemos á consideración deste Pleno. A obtención do crédito nunha situación económica patrimonial financeira do Concello que permite abordar esta situación con rigor e solvencia, esa obtención do crédito necesario para desencadear xa o procedemento administrativo e a incoación do expediente de execución da sentenza á propiedade do inmovible que hai que demoler e, en caso de non ser atendida, nas condicións e nos prazos que se dispoñan legalmente por parte do Concello poder facelo de xeito subsidiario de forma inmediata.

Moi ben, moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois queda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZA O ALDARIZ:** Moi bos días a todos e a todas.

Bueno, pois en febreiro deste ano esta Administración asumía o pago de 2,4 millóns de euros pola indemnización da Fábrica da Luz, uns meses máis tarde vemos como un novo suplemento de crédito de case un millón de euros para dar tamén cumprimento a unha sentenza, ao que haberá que engadir a indemnización que lle corresponde ao promotor, que segue sendo un tema tabú, do que non se quere falar, pero que sen dúbida asfixiará as arcas municipais.

Neste ano máis de 3.000.000 de euros que pagamos todos os lucenses para facer fronte a decisións tomadas polo Partido Socialista nos anos que leva gobernando esta cidade; 3.000.000 de euros perdidos.

A alcaldesa Lara Méndez afirmou que ela sería a alcaldesa que tiraría as torres do Garañón, torres que por certo son o símbolo de anos nos que Lugo acaprou portadas e titulares dos medios de comunicación e non precisamente por boas novas. Somos moitos os lucenses que estamos esperando a que, por fin, se cumpra coa legalidade e desapareza ese esqueleto de ladrillo e ferrume que preside unha das zonas máis bonitas da nosa cidade. Xa lle adianto que o noso grupo non se vai opoñer a este suplemento para dispoñer do crédito necesario para avanzar na súa recuperación, pero tampouco é un cheque en branco, unha mostra de confianza cega nas súas decisións. E explícolle os motivos:

En primeiro lugar, faga a favor de non vender como un logro o derrubo das torres, un logro non é hipotecar as contas públicas deste xeito e moito menos facelo para cumprir unha sentenza xudicial que os obriga a iso.

E, en segundo lugar, seguen ocultando o que haberá que pagarlle ao promotor. Levan anos dicindo que están en proceso de negociación, pero hoxe saben perfectamente que apostando pola conversión total de zona verde a repercusión económica será moito maior e iso non aparece en ningún dos informes.

O acordo plenario presentado en novembro 2018 por todos os grupos da oposición contemplaba o estudo de todas as alternativas posibles, optando pola que menor incidencia económica supuxera, tendo en conta a conversión en zona verde da maior superficie posible porque así tamén se cumpre o parámetro de menor impacto visual tal e como aparece no estudo alternativas no que se baseou a súa decisión na Xunta de Goberno do 16 de xuño. Pero gustaríanos que ese

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

informe tamén contemplara cal é a diferenza económica que supón elixir entre as distintas opcións, porque eses datos non aparecen por ningures, ou polo menos que hoxe defendendo esta proposta tamén nos indicaran canto nos custará aos lucenses; xa que o imos a pagar todos nós, polo menos deberían explicarnos tamén as distintas consecuencias económicas.

Pero, como dicía antes, segue a ser un tema absolutamente tabú. Así tamén llo dicía hoxe o seu vicealcalde no 2018: “Antes de dar o paso de converter esta parcela en zona verde hai que comprobar que dereitos adquiridos ten o promotor e canto tería que pagarlle o Concello”. Antes de tomar unha decisión, hai que coñecer os efectos reais que pode ter para o Concello, xa que co seu voto positivo nesa Xunta de Goberno dos concelleiros do BNG supoñemos que tiveron acceso a esa información. Non sería coherente que apoiaran esta proposta desdicíndose do que se exixía hai uns meses, polo que non estaría de máis que facendo iso a transparencia da que presumen compartisen esa información co resto de grupos e tamén con todos os lucenses. Para nós imprescindible para un voto positivo.

Non nos parece admisible que soliciten o apoio a este suplemento a cegas, sen dar acceso a toda a información, sen explicar...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa.

2016, 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021, cada ano vostede di que vai tirar o Garañón, oxalá!, pero tíreo xa dunha vez. Pare de anunciálo, pare de seguir facendo absurdos anuncios que ao final despois leva sen cumprir durante 5 anos.

A liberación de preto dun millón de euros para demoler o Garañón debería de ser unha boa noticia, pero en realidade é o recoñecemento tácito e expreso das ilegalidades que o Partido Socialista cometeu no Concello de Lugo en materia urbanística. Onde uns ven valentía nós vemos arrepentimento e recoñecemento explícito dese urbanismo caciquil que o PSOE instaurou en Lugo, mentres vemos o BNG aí caladiño, porque o BNG está agora para oír, ver e calar xa que se vende barato o nacionalismo en Lugo.

O urbanismo á carta da PSOE non ten fin. Hoxe aprobabamos o que é a primeira cota dunha hipoteca que poderá chegar a case 30 millóns de euros polas ilegalidades urbanísticas do Partido Socialista en Lugo. E dígoo con todas as letras. Do seu urbanismo de amiguetes, porque firmaron un convenio con un promotor garantíndolle unha edificabilidade, porque lle deron unha licenza un 31 de decembro cando era un sábado e o Concello estaba cerrado, porque ao día seguinte entraba en vigor unha disposición transitoria que lle restaba edificabilidade, e iso non o ía permitir o Partido Socialista. Todo moi transparente, todo moi claro e todo moi legal, salvo que despois o Xulgado dixo que todo o que fixeran o señor López Orozco e o señor Besteiro, os padriños políticos do señor Santos e da señora Lara Méndez, era ilegal, como ben recoñeceu o señor Santos agora maquillándoo.

Cantos anos imos estar hipotecados polo Partido Socialista en Lugo a raíz desta concesión e desta demolición? Cantos anos? A canto vai ascender esa indemnización que teremos que pagar ao promotor? Fala de 26 millóns de euros, pero non sabemos canto, e todo coa imprescindible colaboración do BNG, que segue aí calado e sentadiño sen facer moito ruído.

A pesar das súas ilegalidades, das súas tropelías en materia urbanística, do seu caciquismo de amiguetes, nós hoxe votaremos a favor, porque levamos dende o minuto cero pedindo que non se constrúsen esas torres que quería impoñer o Partido Socialista, porque dende o minuto cero que se construíron levamos pedindo que se tiren e que se acabe con esa desfachatez de urbanismo á carta do PSOE en Lugo. Por iso hoxe votaremos a favor, a pesar de que non sabemos en canto está negociando a alcaldesa a demolición nin sequera sabemos a canto vai ascender esa negociación que di que está facendo pola porta de atrás. Teña coidado porque as negociacións pola porta de atrás do Partido Socialista sáennos moi caras aos lucenses, vexa a Fábrica da Luz, ou vexa tamén o que nos vai custar o Garañón, que por desgraza pagaremos todos os lucenses, salvo que nos queiran sorprender e que os realmente culpables, os que deron unha licenza ilegal paguen do seu peto esta indemnización millonaria. E ademais temos que sorprendernos que dentro ademais deste expediente incluso están falando dunha voadura con dinamita. Mire, unha voadura con explosivos nese entorno agardo que se lles quite da cabeza facela porque realmente sería un verdadeiro problema para o entorno, incluso ata podería chegar a afectar ás termas romanas.

Estuden máis esta situación, pero, de verdade, tiren dunha santa vez o Garañón, que os lucenses queremos acabar coas tropelías do Partido Socialista.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois iniciamos a segunda quenda co portavoz do Goberno, o señor Santos.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Moitas grazas, señora alcaldesa.

A verdade é que da historia do Garañón podemos falar moitísimo. Eu voules resumir o presente. É vontade do Goberno municipal rematar, pechar este episodio, un episodio no que aprecio que todos coincidimos en que debemos pechar, porque a política é impulsar o avance e é o que facemos con esta proposta. Non retroalimentarse, non manterse entalado no pasado; non, impulsar o futuro, asumir a realidade do presente e impulsar, avanzar. Iso é o que pretendemos, e alégrome moito, e alégrome moito de que nisto poidamos confluír.

Pero para falar da historia o que non se pode é falar dun trociño nada máis, e non se olvide de que a edificabilidade, é dicir, a permisibilidade, facilitar que alí se puidese ser construír un edificio de 9 plantas ou un alpendre de uralita foi un plan xeral do Partido Popular, satisfeito ou redactado en torno a moi sospeitosos e ben escuros intereses. Ese é o punto de partida. Pero isto non vai de sinalar responsables pretéritos, isto vai de recoñecer protagonistas futuros e o protagonismo futuro é unha zona verde para todos os lucenses que pon luz a un episodio escuro, e niso está o Goberno e doulle a benvinda á oposición.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas; segunda quenda para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señor Santos, benvinda sexa a boa política e non a mala, que xa sabe o que nos custou, máis de 3.000.000 de euros de decisións da mala e vella política do Partido Socialista que leva gobernando esta cidade.

Ciudadanos quere que se tiren as torres do Garañón, pero quero que se tiren contando con toda a información que vostedes e os seus concelleiros do Partido do BNG, hoxe colaboradores deste Goberno socialista, están ocultando a todos os lucenses e aos grupos da oposición. Indemnización que sen dúbida repercutirá nas consecuencias económicas desta Administración. Tendo enriba da mesa toda a información é como se toman as mellores decisións, decisións que nos están ocultando e das que non queren falar. Esas son as decisións que priman o interese xeral e non os caprichos duns poucos. Disto, como ben di vostede, xa tivemos bastante. Por desgraza, este ano estamos a ver as consecuencias económicas das decisións do Partido Socialista.

Hoxe desde Ciudadanos pedímoslle unha vez máis que dean esa información, que contén a todos os lucenses canto é a indemnización que se está negociando co promotor, porque esa indemnización repercute na decisión que hoxe se inicia con este suplemento de crédito e que acarrerá as consecuencias da conversión dunha zona verde, canto máis zona verde máis indemnización económica, e creo que iso é o que deben contar hoxe a todos os lucenses.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Señor Santos, queremos saber o que están negociando pola porta de atrás co promotor ou co administrador concursal, porque o que negociaron hai 15 anos, porque vostede non quere recordar o pasado, é precisamente o que nos está traendo agora a ter que pagar unha indemnización millonaria a esa persoa, ao que o seu padriño político o señor Besteiro e o señor Orozco negociou con ese promotor. Claro que o plan xeral do ano 91 permitía edificar nas costas do parque, pero non dicía como tiña ser. Os que negociaron un convenio, os que elixiron como se edificaba alí foron os seus mentores políticos, o señor Orozco e o señor Besteiro. Por certo, o plan xeral do 91 permitía construír, pero o que vostedes, o Partido Socialista en Lugo, permitiron construír alí foi ilegal. Pero é que non o digo eu, é que o din tres sentenzas xudiciais, e a proba máis evidente é que hoxe estamos aprobando aquí a demolición da licenza ilegal que deu o Partido Socialista nas costas do parque no Concello de Lugo e que agora nos vai custar millóns e millóns de euros a todos os lucenses polas tropelías, polo caciquismo de amiguetes e polo urbanismo á carta do Partido Socialista en Lugo.

Por iso dende o Partido Popular queremos saber qué están negociando, qué hai por detrás, canto nos vai custar esta hipoteca do Partido Socialista a todos os lucenses. Non me veñan agora co presente, o pasado é moi importante nesta situación e sobre todo o futuro, cantos anos vamos a estar pagando a tropelía, o

maior atropelo urbanístico desta cidade que foi o Garañón, construído e permitido edificar polo Partido Socialista en Lugo cunha licenza ilegal.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o portavoz do Goberno, o señor Santos.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Pois, mire, direille que onde hai tres sentenzas xudiciais firmes non hai nada que negociar. O único que estamos negociando e agora facendo é facelos partícipes se o consideran, dar cumprimento e da execución desas sentenzas. E isto é absolutamente transparente, non só se enteran vostedes, senón que se entera toda a cidadanía de Lugo; un suplemento de crédito para que, por fin, poidamos executar esas sentenzas que son firmes, absolutamente nada máis.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, imos proceder, unha vez debatido este punto cos posicionamentos claros das distintas formacións políticas, pois este suplemento de crédito para poder acometer o derribo do Garañón.

2/93 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚMERO 11/2021.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 15 de xuño de 2021, que seguidamente se transcribe:

“IMPORTE TOTAL: 37.959,78 €
IMPORTE BASE IMPOÑIBLE FACTURAS: 33.790,25 €
IVE DE CARÁCTER NON DEDUCIBLE: 3.989,53 €
IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 0 €
IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2021: 37.959,78 €

Durante o presente exercicio remitíronse por parte de diversos Servizos Municipais ao departamento de Contabilidade Municipal, facturas devengadas e executadas en exercicios anteriores, que non foron imputadas ao respectivo orzamento, por importe total de **37.959,78 €**.

No presente exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade Municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de Área ás mencionadas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos e subministracións.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no Orzamento corporativo para

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

o exercicio 2021, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade Municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola Tesoureira Municipal como responsable da Contabilidade Municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **37.959,78 € (contía imputable ao orzamento: 37.959,78 €)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionadas, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún perxuízo nen limitación ningunha para a realización das atencións do exercizo corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención xeral municipal Ref 2021/978, de data 14.06.2021 relativo ao expediente de administrativo extraxudicial de créditos 11-2021, coas consideracións nel contidas, esta Alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, propónse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **37.959,78 €**

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_NON_DE D	TOTAL
85238	COMBINA SOCIAL SL_B70204094	239-23A	31/03/2021	SERVICIO DE ATENCIÓN E DINAMIZACIÓN NOS CENTROS DE DE CONVIVENCIA XULLO 2020	23165,228	202100032474	4.597,42	459,74	5.057,16

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_NON_DE D	TOTAL
85239	COMBINA SOCIAL SL_B70204094	240-23A	31/03/2021	SERVICIO DE ATENCIÓN E DINAMIZACIÓN NOS CENTROS DE CONVIVENCIA AGOSTO 2020	23166.22799	202100032475	4.623,24	462,32	5.085,56
85240	COMBINA SOCIAL SL_B70204094	241-23A	31/03/2021	SERVICIO DE ATENCIÓN E DINAMIZACIÓN NOS CENTROS DE CONVIVENCIA SETEMBRO 2020	23161.22799	202100032476	4.560,27	456,03	5.016,30
85241	COMBINA SOCIAL SL_B70204094	242-23A	31/03/2021	SERVICIO DE ATENCIÓN E DINAMIZACIÓN NOS CENTROS DE CONVIVENCIA OUTUBRO 2020	2316.222799	202100032477	4.560,23	456,02	5.016,25
85253	COMBINA SOCIAL SL_B70204094	238-23A	31/03/2021	SERVICIO DE ATENCIÓN E DINAMIZACIÓN NOS CENTROS DE CONVIVENCIA XUÑO 2020	23167.22799	202100032480	4.877,00	487,70	5.364,70
85375	Lugo-Libro, S.L.L._B27264 753	63-1	09/09/2020	CONCURSO VAIA PALABRAS 18 MAIO	3300022601	202100033588	48,08	1,92	50,00
75030	LEFEBVRE - EL DERECHO SA_A7921665 1	FL19-1110362	6/11/2019	Memento Fiscal	93201.22001	202100036708	168,00	6,72	174,72

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Ref#: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_NON_DE D	TOTAL
81579	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	65003007427	19/3/2019	Potencia(10,39 2 KW x 14 días x 47,55771 eur/kW y año)- Consumo (P1) (42 kWh x 0,100335 eur/k Wh)- Incremento no PVPC-impuest	34100.22100	202100040310	38,34	8,05	46,39
81589	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	65003881857	22/7/2019	Potencia- Consumo- Incremento no PVPC- Impuesto Eléctrico(143,1 5 x 1,05113 x 4,864%)	34100.22100	202100040310	155,85	32,73	188,58
81608	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	328969310	15/2/2019	Potencia- Consumo (P1) (1.758 kW h x 0,088629 eur/kWh)- Incremento no PVPC- Impuesto Eléctrico(435, 27 x 1,05113 x 4,864%)	16510.22100	202100040313	460,56	96,72	557,28
81624	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	328969668	15/3/2019	Potencia(11,81 5 KW x 31 días x 47,55771 eur/kW y año)- Consumo (P1) (3,328 kWh x 0,094087 eu r/kWh)- Incremento no PVPC-impu	16510.22100	202100040313	646,62	135,79	782,41
81637	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	328969706	18/3/2019	Potencia- Consumo (P1)- Incremento no PVPC- Impuesto Eléctrico(601, 28 x 1,05113 x 4,864%)	16510.22100	202100040313	638,33	134,05	772,38
81642	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	328969761	20/3/2019	Potencia- Consumo (P1) (4,095 kW h x 0,076118 eur/kWh)- Incremento no PVPC- Impuesto Eléctrico(775, 07 x 1,05113 x 4,864%)	16520.22100	202100040316	821,25	172,46	993,71

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_NON_DE D	TOTAL
81643	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	328969763	20/3/2019	Potencia- Consumo (P1)- Incremento no PVPC- Impuesto Eléctrico	16510.22100	202100040318	1.043,65	219,17	1.262,82
81778	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	328969872	22/3/2019	Potencia- Consumo (P1) (2.553 kW h x 0,080714 eur/kWh)- Incremento no PVPC- Impuesto Eléctrico(1.06 3,99 x 1,05113 x 4,864%)	16510.22100	202100040360	1.125,64	236,38	1.362,02
82080	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	65007095040	22/10/2020	Potencia- Consumo (P1) (210 kWh x 0,054527 eur/kWh)- Incremento no PVPC- Impuesto Eléctrico(29 4,60 x 1,05113 x 4,864%)	16510.22100	202100040320	316,89	66,55	383,44
82468	TORVAR SLU_B270441 48	1018	31/10/2020	AREA DE MOVILIDADE- PLACA CUBRE ZANJA 1200X800MM 700 ANCHO- PLACA CUBRE ZANJA 1600X1200MM 900MM ANCHO-	16510.21300	202100020174	1.165,00	244,65	1.409,65
84954	GARCIA SARCEDA JOSE_338323 92J	174	26/3/2021	FAC SERVICIO DIA 15/02/2020-SE RVICIO DIA 07/03/2020- SERVICIO 20/06/2020- SERVICIO 20/06/2020	33430.22699	202100035859	2.550,00	255,00	2.805,00
85295	FEDERACION ESPAÑOLA MUNICIPIOS Y PROVINCIAS_ G28783991	RAM/20-00066	10/9/2020	CUOTA ASOCIADO VILLAS TERMALES 2020---	92200.48900	202100040943	1.000,00	0,00	1.000,00

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_NON_DE D	TOTAL
85469	ESTACION DE SERVICIO GUNTIN SL_B27228998	001515	31/10/2020	Gasos B BP AgroPro-Gasos B BP AgroPro- Gasos B BP AgroPro-Gasos B BP AgroPro	93301.22103	202100008204	273,88	57,52	331,40
85684	FEDERACION ESPAÑOLA MUNICIPIOS Y PROVINCIAS_ G28783991	RECC-18-0254	10/4/2018	CUOTA ASOCIADO RED CLIMA 2018--	92200.48900	202100035963	300,00	0,00	300,00
TOTAL							33.970,25	3.989,53	37.959,78

B) DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 18 de xuño de 2021.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da

autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **37.959,78 €**

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_NON_DE D	TOTAL
85238	COMBINA SOCIAL SL_B70204094	239-23A	31/03/2021	SERVICIO DE ATENCIÓN E DINAMIZACIO N NOS CENTROS DE DE CONVIVENCIA XULLO 2020	23165,228	202100032474	4.597,42	459,74	5.057,16
85239	COMBINA SOCIAL SL_B70204094	240-23A	31/03/2021	SERVICIO DE ATENCIÓN E DINAMIZACIO N NOS CENTROS DE CONVIVENCIA AGOSTO 2020	23166,22799	202100032475	4.623,24	462,32	5.085,56
85240	COMBINA SOCIAL SL_B70204094	241-23A	31/03/2021	SERVICIO DE ATENCIÓN E DINAMIZACIO N NOS CENTROS DE CONVIVENCIA SETEMBRO 2020	23161,22799	202100032476	4.560,27	456,03	5.016,30
85241	COMBINA SOCIAL SL_B70204094	242-23A	31/03/2021	SERVICIO DE ATENCIÓN E DINAMIZACIO N NOS CENTROS DE CONVIVENCIA OUTUBRO 2020	23166,22799	202100032477	4.560,23	456,02	5.016,25
85253	COMBINA SOCIAL SL_B70204094	238-23A	31/03/2021	SERVICIO DE ATENCIÓN E DINAMIZACIO N NOS CENTROS DE CONVIVENCIA XUÑO 2020	23167,22799	202100032480	4.877,00	487,70	5.364,70

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Ref#: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_NON_DE D	TOTAL
85375	Lugo-Libro, S.L.L._B27264 753	63-1	09/09/2020	CONCURSO VAIA PALABRAS 18 MAIO	3300022601	202100033588	48,08	1,92	50,00
75030	LEFEBVRE - EL DERECHO SA_A7921665 1	FL19-1110362	6/11/2019	Memento Fiscal	93201.22001	202100036708	168,00	6,72	174,72
81579	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	65003007427	19/3/2019	Potencia(10,39 2 KW x 14 días x 47,55771 eur/kW y año)- Consumo (P1) (42 kWh x 0,100335 eur/k Wh)- Incremento no PVPC-impuest	34100.22100	202100040310	38,34	8,05	46,39
81589	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	65003881857	22/7/2019	Potencia- Consumo- Incremento no PVPC- Impuesto Eléctrico(143,1 5 x 1,05113 x 4,864%)	34100.22100	202100040310	155,85	32,73	188,58
81608	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	328969310	15/2/2019	Potencia- Consumo (P1) (1,758 kW h x 0,088629 eur/kWh)- Incremento no PVPC- Impuesto Eléctrico(435, 27 x 1,05113 x 4,864%)	16510.22100	202100040313	460,56	96,72	557,28
81624	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	328969668	15/3/2019	Potencia(11,81 5 KW x 31 días x 47,55771 eur/kW y año)- Consumo (P1) (3,328 kWh x 0,094087 eu r/kWh)- Incremento no PVPC-impu	16510.22100	202100040313	646,62	135,79	782,41

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_NON_DE D	TOTAL
81637	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	328969706	18/3/2019	Potencia- Consumo (P1)- Incremento no PVPC- Impuesto Eléctrico(601, 28 x 1,05113 x 4,864%)	16510.22100	202100040313	638,33	134,05	772,38
81642	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	328969761	20/3/2019	Potencia- Consumo (P1) (4,095 kW h x 0,076118 eur/kWh)- Incremento no PVPC- Impuesto Eléctrico(775, 07 x 1,05113 x 4,864%)	16520.22100	202100040316	821,25	172,46	993,71
81643	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	328969763	20/3/2019	Potencia- Consumo (P1)- Incremento no PVPC- Impuesto Eléctrico	16510.22100	202100040318	1.043,65	219,17	1.262,82
81778	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	328969872	22/3/2019	Potencia- Consumo (P1) (2,553 kW h x 0,080714 eur/kWh)- Incremento no PVPC- Impuesto Eléctrico(1,06 3,99 x 1,05113 x 4,864%)	16510.22100	202100040360	1.125,64	236,38	1.362,02
82080	REGSITI COMERCIALIZ ADORA REGULADA SLU_B397024 36	65007095040	22/10/2020	Potencia- Consumo (P1) (210 kWh x 0,054527 eur/kWh)- Incremento no PVPC- Impuesto Eléctrico(29 4,60 x 1,05113 x 4,864%)	16510.22100	202100040320	316,89	66,55	383,44
82468	TORVAR SLU_B270441 48	1018	31/10/2020	AREA DE MOVILIDADE- PLACA CUBRE ZANJA 1200X800MM 700 ANCHO- PLACA CUBRE ZANJA 1600X1200MM 90 OMM ANCHO-	16510.21300	202100020174	1.165,00	244,65	1.409,65

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

COD FACT	PROVEEDOR	NUM FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM OPER	IMP BASE	IVE_NON_DE D	TOTAL
84954	GARCIA SARCEDA JOSE_338323 92J	174	26/3/2021	FAC SERVICIO DIA 15/02/2020-SE RVICIO DIA 07/03/2020- SERVICIO 20/06/2020- SERVICIO 20/06/2020	33430.22699	202100035859	2.550,00	255,00	2.805,00
85295	FEDERACION ESPAÑOLA MUNICIPIOS Y PROVINCIAS_ G28783991	RAM/20-00066	10/9/2020	CUOTA ASOCIADO VILLAS TERMALES 2020---	92200.48900	202100040943	1.000,00	0,00	1.000,00
85469	ESTACION DE SERVICIO GUNTIN SL_B27228998	001515	31/10/2020	Gasos B BP AgroPro-Gasos B BP AgroPro- Gasos B BP AgroPro-Gasos B BP AgroPro	93301.22103	202100008204	273,88	57,52	331,40
85684	FEDERACION ESPAÑOLA MUNICIPIOS Y PROVINCIAS_ G28783991	RECC-18-0254	10/4/2018	CUOTA ASOCIADO RED CLIMA 2018- --	92200.48900	202100035963	300,00	0,00	300,00
TOTAL							33.970,25	3.989,53	37.959,78

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos o debate coa portavoz do Goberno, coa concelleira de Gobernanza, a señora Alvarellós.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Bos días a todos e a todas.

Elévanse a Pleno para ser recoñecidas extraxudicialmente 21 facturas. A razón fundamental de que estas facturas non foran tramitadas no seu exercicio correspondente é na case totalidade delas a inactividade do provedor. Así, na metade dos casos as facturas non se presentaron polos provedores no exercicio correspondente. Neste caso atópanse 10 delas, das 21. O acreedor coa súa demora na presentación provocou o retraso na tramitación axeitada destas facturas.

Vou poñer como exemplo as facturas da empresa Combina Social, que ten como obxecto do seu contrato a dinamización dos centros de convivencia. Son 5 facturas, correspondentes aos meses de xuño a outubro do ano 2020. Estas actividades foron suspendidas polas circunstancias sanitarias que se daban naquel momento; e, por certo, este Goberno acordou continuar pagando aos nosos contratistas nestes casos para evitar precisamente despedimentos dos seus traballadores. Son facturas que se corresponden ao ano 2020, aínda que foron recibidas no Concello o 31 de marzo do ano 2021. Unha vez recibidas, os servizos xestores tardaron entre 3 e 15 días en conformalas; polo tanto, un tempo evidentemente curto. O mesmo pode dicirse tamén da factura da Federación Española de Municipios e Provincias, por un importe de 300 €; o servizo foi prestado no ano 2018, pero a factura foi recibida no Concello o 7 de maio deste ano, do ano 2021, e asinada e conformada polo servizo 5 días despois. Estes son simples exemplos que demostran que é a inactividade do provedor o que provoca o pago fóra do exercicio correspondente.

A segunda razón é que a factura nin se presente no exercicio correspondente por parte do provedor e que á súa vez o servizo se retrase tamén en asinala pola súa dificultade na conformación. Neste caso atópanse a totalidade das facturas de consumos e subministros que se recollen neste recoñecemento, que son da empresa Registi de consumo eléctrico, que son 9 facturas. Neste tipo de facturas é onde se producen máis retrasos na conformación polos técnicos do Servizo de Enxeñaría, situación esta que, aínda que se mellorou substancialmente, segue sendo onde se acumulan máis retrasos. Polo tanto, só dúas facturas das 21 que se recollen neste recoñecemento foron por atraso de servizo, fundamentalmente por erros no circuíto de firma.

Quero poñer de manifesto unha vez máis a mellora substancial que xa se vai vendo desde hai varios meses tanto no número de facturas que veñen ao Pleno como no tempo da súa tramitación, que, en xeral, salvo a salvidade que xa dixen, os diferentes servizos xestores tardan moi pouco tempo en conformalas, non chegando aos 30 días a práctica totalidade delas. Se facemos unha comparativa, por exemplo, dos recoñecementos do ano pasado, dos cinco primeiros meses cos cinco primeiros meses deste ano, é clara: no ano 2020 había 3.018 facturas que viñeron a recoñecemento nos 5 primeiros meses e neste ano 389. Os números non enganar, son o mellor exemplo para demostrar a mellora...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, finalizou a súa quenda. Iniciamos a quenda de Cidadáns, 3 minutos.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Hai un dito que seguro todos coñecemos: “que non hai mal que por ben non veña”, e é perfectamente aplicable a eses anos nos que a súa antecesora, a señora Prieto, trataba de agochar a súa nefasta xestión, esa que vostede herdou, dándonos clases maxistras de economía local, teoría que por todos é sabido non aplicou á práctica, pero permitiu que aprenderamos moitísimo acerca da economía local deste Concello. Cando trataba de convencernos da necesidade dos expedientes extraxudiciais de crédito, o seu argumento máis reiterado baseábase na obriga de pagar aos provedores que prestaban servizos ou subministraban bens para non caer nun enriquecemento inxusto da Administración. Pero do que sempre se esquecía e seguimos comprobando como segue facendo vostede o mesmo, señora Alvarellos, é que os recoñecementos extraxudiciais de créditos son unha excepción que se contempla para validar situacións puntuais irregulares e non como unha posibilidade sistemática para realizalas, que isto é o que vostede está a facer e así e é o que recolle a normativa. E a normativa afirma ademais que esta práctica vulnera o principio xeral orzamentario. Pero a vostedes segue dándolles igual e obvian mes a mes e ano a ano este asunto e converteron estes expedientes nun punto reiterado na orde do día de cada Pleno.

Hoxe son 34.000 €, 34.000 € que non é tan importante a cantidade como a repetición dos mesmos vicios: facturas de máis dun ano, de servizos prestados sen contrato ou co mesmo caducado, vicios que, en lugar de corrixirse, por riba admítenos como propios tamén os seus socios de goberno e cometen as mesmas irregularidades que antes denunciaban e criticaban. Debe ser que isto de ter tarxeta de visita con responsabilidades de goberno pois supón aparcar a coherencia e os principios e facer como se nada, como se isto non fora comigo, porque se non isto resulta moi moi difícil de explicar. Quizais eses 34.000 € hoxe sexan perfectamente defendibles, pero isto non é o que acontece mes a mes e ano a ano, como lles dicía. Os mesmos vicios, as mesmas irregularidades que non teñen absolutamente ningunha defensa.

Xa saben cal é o voto deste grupo municipal, sempre vai ser o mesmo, o mesmo desde que chegamos a esta Corporación, o que levamos dicindo mes a mes e ano e ano relativo aos expedientes extraxudiciais de crédito e tamén relativo aos reparos de legalidade. Está a mellorarse?, iso haberá que demostralo cando un pleno do próximo mes empece ou comece sen ningún tipo de recoñecemento e non se volvan a repetir nos próximos meses.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o Partido Popular.

- **MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ:** Bo día. Estamos no ecuador do mandato, levan dous anos no Goberno e hoxe de novo nos traen a Pleno outro recoñecemento extraxudicial de crédito, o número 11 no que vai de ano, por importe de 38.000 €. Aquí figuran facturas de atención e dinamización dos centros de convivencia municipais de xuño a outubro de 2020, facturas de electricidade, facturas de pequenos provedores e algunha factura chamativa, como as cotas de

asociados da Federación Española de Municipios e Provincias dos anos 2018 e 2020.

Señora Méndez, no anterior debate do estado do Concello dixo que se comprometía a finalizar ao longo deste ano a renovación de todos os contratos caducados do Concello de Lugo. Estamos a mediados de ano e ten sen adjudicar os contratos cos importes máis elevados. Xa lle dixen noutras ocasións que non é tan difícil elaborar un prego de licitación e, se non son capaces ou consideran que non teñen persoal suficiente para levalos a cabo, existen centrais de contratación que se poñen ao servizo das entidades locais para facilitar a contratación de obras, servizos e subministros no Ministerio de Facenda ou na FEMP, tendo a seguridade de que todo o procedemento se axusta á normativa vixente. E así non lles quedarían desertos contratos como o de subministro eléctrico e poderían estar regularizados contratos como o de publicidade, zonas verdes ou do ciclo da auga, que leva dez anos caducado. E o que é máis grave, non terían o contrato do lixo cun importe de licitación de 134 millóns de euros con múltiples recursos e decisións dos tribunais administrativos de contratación pública de Galicia advertíndolles das incongruencias e urxencias de motivación, así como outros defectos na tramitación do contrato. Estamos falando dun contrato, o de lixo, que xunto co do transporte é dos máis custosos para o Concello de Lugo e leva 4 anos caducado, dende o 31 de marzo do 2017, o que supón que pagamos preto de 32 millóns de euros con reparos de legalidade.

Señora Méndez, cando chegou á Alcaldía herdou 6 servizos sen contrato, estamos a mediados de ano e ten o dobre de contratos caducados. Teño as miñas dúbidas de que cumpra a súa palabra e regularice todos os contratos caducados como prometeu no debate do estado do Concello, xa que incumpre reiteradamente os seus compromisos e, o que é máis grave, son os lucenses os que teñen que sufrir día a día uns deficientes servizos na nosa cidade. A ver como acaba o contrato de lixo, presinto que nos tribunais, esperemos que non sexa con indemnizacións millonarias como nos teñen acostumados este bigoberno.

E que dicirles aos señores do Bloque Nacionalista Galego, que no anterior mandato criticaban esta forma de actuar e agora que pisaron moqueta non só están calados, senón que votan pleno tras pleno o pago de facturas dos provedores á marxe da legalidade.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda, quenda para a señora Alvarellós.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa.

Mire, señora Louzao, non hai peor xordo que o que non quere oír. O que está claro e é evidente é a mellora que se vai producindo mes a mes; agora, se vostede non quere recoñecelo, é o seu problema, pero é evidente, os números son tercos. O noso obxectivo segue sendo seguir mellorando, avanzando para solventar os problemas e erros; estase a levar un control de seguimento na facturación como

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

tarefa prioritaria a fin de que todas as facturas sexan pagadas aos nosos provedores o máis axiña posible.

En resumo, o que estamos a facer é simplificar procedementos e coordinar os diferentes servizos implicados; un dos obxectivos prioritarios deste Goberno é, foi e segue sendo pagar o máis axiña posible aos nosos provedores, fundamentalmente aos pequenos empresarios, pemes e autónomos para que poidan ter liquidez, e así foi e será.

Saír na prensa dicindo, señora Abades, que o Concello non paga as súas facturas pese a ter nas contas millóns de euros, como xa lles dixen no Pleno pasado, só pode ser que tratan de enganar aos nosos veciños ou que descoñecen a tramitación administrativa. Igual lle digo respecto dos contratos, concretamente o contrato do lixo, porque calquera das dúas cousas é moi grave: ou tratan de enganar ou descoñecen a tramitación administrativa, tendo en conta ademais que vostede é unha funcionaria pública.

Polo tanto, respecto disto non teño máis que dicir: os números son tercós, os números son os que son e o avance é evidente.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señora Alvarellos, ano 2021, máis de 31 expedientes de reparo de legalidade e dígolle cantidades: de 900.000 €, 1.262.000, 724.000, 552.000, home, mellorarase cando haxa cero facturas pagadas con reparo de legalidade, ou polo menos o normal en calquera Administración local, pero isto non é o normal. Está convertendo vostede isto que é totalmente excepcional no normal nunha Administración, e que se leva repartindo ano tras ano desde o ano 2015. Polo tanto, non hai máis cego que o que non quere ver, perdoe, ao mellor o conto teno que aplicar a vostede mesma non aos grupos da oposición. Nós estamos criticando e denunciando unha situación que é totalmente anormal e irregular nesta Administración local. E non pretenderá que encima lle deamos as grazas por facer o seu traballo, por poñer orde nunha xestión nefasta económica desta Administración local, é o que é a súa obriga e por iso está cobrando todos os meses o que lle pagan os lucenses, para poñer orde na xestión económica desta Administración.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ:** Dende o Partido Popular lamentamos a política continuísta en materia económica deste Goberno que se di de esquerdas e que nestes momentos tan difíciles segue debendo cartos aos autónomos, ás empresas e ás familias da nosa cidade cando teñen nas contas bancarias 33 millóns de euros.

Xa lle dixemos en moitas ocasións e sempre defenderemos que calquera persoa que realice un traballo para esta Administración cobre polo traballo

realizado, polo que non se pode permitir que teñan que esperar dous ou tres meses en cobrar, como sucede con algunhas das facturas que hoxe nos traen a Pleno. Son moitos os provedores e empresas da nosa cidade que necesitan liquidez para continuar cos seus negocios.

Recórdolles, ademais, que no ano 2020 o Concello de Lugo tivo o récord histórico de pagar 44 millóns de euros con reparos de legalidade. É dicir, a metade dos pagos deste bigoberno fixéronse á marxe da lei. E tamén quero resaltar que este Goberno que se di de esquerdas nos últimos meses está privatizando moitos servizos públicos, algúns tan sorprendentes como a Inspección dos Tributos, procedemento que está reservado aos funcionarios; privatizacións que foron moi criticadas polo Bloque Nacionalista Galego no pasado mandato e agora que están no Goberno son cómplices necesarios de que en Lugo se private todo. Cando nos despistemos privatizarán ata o Rexistro.

Seguen cometendo os mesmos erros ano tras ano, levan dous anos no Goberno e as cousas non melloran, podemos afirmar que van a peor xa que agora son dous gobernos, dobre gasto en publicidade e propaganda, e dobre gasto para os veciños do concello de Lugo.

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois última quenda para a portavoz do Goberno, para a concelleira de Gobernanza, a señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Como parece que non me escoitan, voules repetir: nos 5 primeiros meses do ano 2021 viñeron en recoñecemento extraxudicial de crédito a Pleno 3.018 facturas, no que vai de ano nos 5 primeiros meses deste ano, 389. Isto é o que en realidade nos importa a nós, o avance que se está dando, e pola contra é o que parece molestarlles a vostedes. O de sempre, seguen xogando a canto peor mellor e viceversa, pero nós non imos entrar nese xogo. Lugo, por máis que lles pese, non é un concello moroso, nin moito menos, e os datos aválano.

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois debatido o punto, procedemos á votación do recoñecemento extraxudicial de crédito.

FACENDA LOCAL

3/94 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA LEGALIZACIÓN E NOVAS CONSTRUCIÓN PARA A AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE EXISTENTE EN CAÍNZOS (LAMAS), 1.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

A) PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, do 7 de xuño de 2021, do terror literal seguinte:

“Visto o informe de Facenda Local do 7 de xuño de 2021, e dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ó Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

ESTIMAR EN PARTE a solicitude formulada por Álvaro Martínez López en representación de TEIXEIRO LAMAS, S.C., procedendo á declaración das construcións para ampliación de explotación de vacún de leite existente, en Cainzos (Lamas), 1, como de especial interese ou utilidade municipal, desestimando a solicitude formulada en relación ás obras de legalización incluídas no proxecto, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.”

B) DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 18 de xuño de 2021.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

ESTIMAR EN PARTE a solicitude formulada por Álvaro Martínez López en representación de TEIXEIRO LAMAS, S.C., procedendo á declaración das construcións para ampliación de explotación de vacún de leite existente, en Cainzos (Lamas), 1, como de especial interese ou utilidade municipal, desestimando a solicitude formulada en relación ás obras de legalización incluídas no proxecto, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

4/95 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRAL DE BIOMASA E INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA

AUTOCONSUMO NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO DO ANTIGO HOSPITAL XERAL DE LUGO NA RÚA SERRA DE OUTES, 31.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

A) PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, do 8 de xuño de 2021, do seguinte teor:

“Visto o informe de Facenda Local do 8 de xuño de 2021, e dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ó Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

ESTIMAR a solicitude formulada por Pablo Casal Espido, secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, procedendo á declaración das obras de construción de edificio para central de biomasa e instalación fotovoltaica para autoconsumo no Complexo Administrativo do antigo Hospital Xeral de Lugo na rúa Serra de Outes, 31, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.”

B) DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 18 de xuño de 2021.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

ESTIMAR a solicitude formulada por Pablo Casal Espido, secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, procedendo á declaración das obras de construción de edificio para central de biomasa e instalación fotovoltaica para autoconsumo no Complexo Administrativo do antigo Hospital Xeral de Lugo na rúa Serra de Outes, 31, como de especial

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

PERSOAL

5/96 RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DO EXCMO. CONCELLO PLENO, NÚMERO 10/60, ADOPTADO NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2021, POLA QUE SE DESESTIMA SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

A) INFORME PROPOSTA DO XEFE DO SERVIZO DE PERSOAL, conformado pla Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Economía e Recursos Humanos, do seguinte teor literal:

“Antecedentes de feito

- 1.- Solicitude de recoñecemento de compatibilidade presentada por dona María Trillo Abuín o 15 de febreiro do 2021 do desempeño da prestación de servizo como persoal funcionaria interina para o Concello de Lugo no Servizo de Enxeñería como Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos con carácter interino por acumulación de tarefas desde o 17/02/2021 e o exercicio de actividade privada como administradora única dá empresa INEIN INGENIERIA Y SOLUCIONES S.L. na cal presta servizos profesionais
2. Informe do Servizo de Contratación e Patrimonio Persoal do Concello de Lugo de 5/03/2021
3. Informe do Xefe de Servizo de Enxeñería Persoal do Cocello de Lugo de 13/04/2021
4. Informe proposta do Servizo de Persoal do Cocello de Lugo de data 19/04/2021
5. Informe da Intervención Xeral do Concello de Lugo de data 21/04/2021
6. Informe do Servizo de Enxeñería Persoal do Concello de Lugo de data 22 de abril de 2021
7. Informe proposta do Servizo de Persoal de data de 23 de abril de 2021
8. Acordo 10/60 do Pleno Ordinario do Concello de Lugo de data 29/04/2021 polo que se denega a solicitude de compatibilidade presentada por María Trillo Abuín.
9. Recurso de reposición interposto por María Trillo Abuín o 4 de xuño de 2021 fronte ao acordo 10/60 do Pleno Ordinario do Concello de Lugo de data 29/04/2021.

-Fundamentos de dereito

Primeiro.- Alega María Trillo no seu recurso en relación ao informe do Servizo de Contratación e Patrimonio de 5/03/2021 non é correcto posto que nin INEIN ENXEÑERÍA E SOLUCIONES S.L. nin María Trillo Abuín foron adxudicatarios de seis contratos por ese importe, sendo correcto o informe de data 9 de abril de 2021 do Servizo de Enxeñería, que emite informe comprensivo dá relación de traballos

encomendados á mercantil indicando “que se formalizaron dous contratos menores non 2020, e que indica que a totalidade dous traballos son todos traballos cuxa finalización acontece previamente á toma de posesión dá interesada como funcionaría interina por acumulación de tarefas (17 de febreiro de 2021), non quedando ningunha cuestión pendente nesa data” polo que tal e como se indica en dito informe, os traballos están finalizados e xa non queda “ningunha cuestión pendente” na data de toma de posesión.

Declara á súa vez que todos os traballos que non seu día foron presentados no Concello de Lugo están finalizados e non queda ningún asunto pendente no que tivese que intervir por razón do posto público, afirmación que tamén consta no informe do 9 de abril de 2021 do Servizo de Enxeñería e que á súa vez no devandito informe indícase que “non se prevé que as actividades a desenvolver teñan relación directa cos asuntos sometidos a informe, decisión, axuda financeira ou control non Servizo de Enxeñería do Concello de Lugo”.

Segundo.- O artigo 11 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas establece:

Artigo 11.1. De acordo co disposto non artigo 1º,3, da presente Lei, o persoal comprendido non seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por se ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivese destinado. O artigo 12 da Lei 53/1984 dispón:

Artigo 12.1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:

- a) Ou desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares, nos asuntos en que estea a intervir, interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público. Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender non desempeño do posto público.
- b) A pertenza a Consellos de Administración ou órganos reitores de Empresas ou Entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione ou Departamento, Organismo ou Entidade en que preste vos seus servizos ou persoal afectado.
- c) O desempeño, por se ou por persoa interposta, de cargos de todo orde en Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.
- d) A participación superior ao 10 por 100 non capital das Empresas ou Sociedades a que se refire ou parágrafo anterior.

2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas só poderán

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta lei como de prestación a tempo parcial.

Segundo informes do Servizo de Enxeñería do Concello de Lugo de 13/04/2021 e do 23/04/2021, en relación aos cales a reclamante non mostra desconformidade:

- INEIN ENXEÑERÍA E SOLUCIONES S.L. formalizou co Concello de Lugo dous contratos menores non ano 2020 de redacción de proxectos de renovación da rede de abastecemento que se impulsaron e tramitaron dende a ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL SOSTIBLE e a técnica municipal responsable dá tramitación e seguemento dá execución dúas ditos contratos ocupaba ou posto de Adxunta do Servizo de Enxeñería en comisión de Servizos, estando adscrita á Área de Desenvolvemento Local Sostible e Área de Medio Rural e Deportes para a redacción de proxectos, memorias valoradas, direccións de obra e demais funcións propias dá súa categoría profesional

- MARÍA TRILLO ABUIN formalizou dous contratos menores non mes de febreiro de 2019 co Concello de Lugo de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde de varias obras de pavimentación impulsáronse e tramitáronse dende a Concellería de Infraestruturas- Servizo de Enxeñería. Os proxectos das citadas obras foron redactados por parte do Servizo de Enxeñería, impulsándose a licitación das obras dende este Servizo. Ou seguemento dá execución dous contratos (tanto de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde como ou contrato de execución de obras) recaeu así mesmo non Servizo de Enxeñería.

Do exposto ponse de manifesto que MARÍA TRILLO ABUIN é administradora única dunha sociedade que ten por obxecto a realización de tarefas propias de enxeñería, que ten contratado diferentes traballos co Concello de Lugo neste eido, e polo tanto existe relación directa entre a actividade da empresa co o Servizo ao que está adscrita a solicitante como funcionaria interina, aínda que devanditos traballos houberen finalizados. Estimando que a manifestación da interesada de que a actividade da empresa en relación a servizos de direccións de obra ou coordinación de seguridade e saúde vaise desempeñar fóra do termo municipal non garante a imparcialidade na actuación da solicitante en exercicio das súas funcións como empregada pública do Concello.

Terceiro.-En relación ás retribucións a percibir alega María Trillo que a solicitante non se atopa non ámbito de aplicación do apartado 1 do artigo 16 dá Lei 53/1984, xa que non é persoal funcionario, persoal eventual nin persoal laboral retribuído por arancel, así como tampouco é persoal directivo, nin está ligado por unha relación laboral de carácter especial de alta dirección, alegación que non se pode estimar, prestando os solicitante servizos non Concello de Lugo como funcionaria interina por acumulación de tarefas desde ou 17/02/2021, polo tanto é persoal funcionario.

Á súa vez manifesta que: "De acordo co disposto non artigo 34 dá Lei 31/1991, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1992, poderáselle recoñecer, de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complemento específico ou concepto equiparable sempre que a súa contía non supere o 30% dá súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na

antigüidade. No caso de que a contía de tal complemento supere o 30% referido, poderá concederse a compatibilidade sempre que a persoa interesada renuncie á percepción do complemento específico. Non mesmo sentido, en acordo do Consello de Ministros do 16 de decembro de 2011 aprobouse o procedemento para a redución do complemento específico dous funcionarios da Administración Xeral do Estado pertencentes aos subgrupos C1, C2 e E, estendendo aos funcionarios dos subgrupos A1 e A2 a disposición adicional 5ª do Real Decreto Lei 20/2012 En consecuencia, para obter a compatibilidade co exercicio dunha actividade privada ou funcionario debe solicitar a redución do complemento específico ao límite do 30 das retribucións básicas, excluída a antigüidade. Con todo, e de ser necesario, baixo a súa interpretación xurídica, por parte da solicitante renunciárase á totalidade do complemento específico ou concepto equivalente”.

En relación ao exposto resulta aplicable a Disposición Transitoria 9ª.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril de Emprego Público de Galicia que esixe a renuncia ao complemento específico para obter a compatibilidade cando o mesmo supera o 30% das retribucións básicas excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade como ocorre no presente caso:

2. En tanto non se produza a substitución do complemento específico mencionado non apartado anterior polo complemento de posto de traballo previsto por medio de lei, poderá recoñecerse, conforme ao disposto na normativa sobre incompatibilidades que resulte de aplicación, compatibilidade para ou exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complemento específico ou concepto equiparable, sempre que a súa contía non supere o trinta por cento da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade. No caso de que a contía de tal complemento supere o trinta por cento referido, poderá concederse a compatibilidade a condición de que a persoa interesada renuncie á percepción do complemento específico ou concepto equivalente.

Cuarto.- Por último alega a recorrente que a resolución por acordo 10/60 do Pleno do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 29 de abril de 2021 notificada o 07 de maio de 2021 ditase fóra de prazo de dous meses previsto no artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas, sendo os efectos do silencio positivo segundo a normativa vixente.

Neste sentido hai que indicar que o prazo de resolución das solicitudes de compatibilidade actualmente está previsto no Real Decreto 1777/1994, do 5 de agosto de adecuación das normas reguladoras dos procedementos de xestión de persoal á Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e procedemento Administrativo Común, sendo o mesmo de 3 meses para o recoñecemento de compatibilidade para exercer actividades privadas :

Disposición adicional primeira. Procedementos en materia de incompatibilidades.

As solicitudes formuladas nos procedementos en materia de incompatibilidades do persoal incluído no ámbito de aplicación do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes, poderanse

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

entender estimadas unha vez transcorridos, sen que se ditou resolución expresa, os prazos máximos de resolución sinalados a continuación:

a) Autorización de compatibilidade para exercer un segundo posto de traballo ou actividade no sector público: Catro meses.

b) Recoñecemento de compatibilidade para exercer actividades privadas: Tres meses.

Estímase en base ao exposto que a solicitude de compatibilidade de María Trillo Abuín presentada o 15 de febreiro de 2021 foi resolta en prazo por acordo 10/60 do Pleno do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 29 de abril de 2021.

Examinado o expediente e tendo en conta o anterior propónse:

PRIMEIRO: Que polo Excmo. Concello Pleno se desestime o recurso de reposición interposto por Dona María Trillo Abuín persoal funcionaria interina do Concello de Lugo no Servizo de Enxeñería como Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos fronte ao Acordo 10/60 denegatorio da solicitude de compatibilidade para o exercicio de actividade privada como administradora única da empresa INEIN INGENIERÍA E SOLUCIONES S.L. na cal presta servizos profesionais estimando que non cumpre os requisitos para a súa concesión segundo a normativa vixente en base aos informes que figuran no expediente e normativa aplicable.

SEGUNDO: Dar traslado aos interesados, coa indicación de que contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.”

B) DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 18 de xuño de 2021.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 15 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 10 dos Grupos Municipais do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR o recurso de reposición interposto por Dona María Trillo Abuín, persoal funcionaria interina do Concello de Lugo no Servizo de Enxeñería, como Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, fronte ao Acordo 10/60 denegatorio da solicitude de compatibilidade para o exercicio de actividade privada como administradora única da empresa INEIN INGENIERIA E SOLUCIONES S.L. na cal presta servizos profesionais, estimando que non cumpre os requisitos para a súa concesión segundo a normativa vixente, en base aos informes que figuran no expediente e normativa aplicable.

SEGUNDO: Dar traslado aos interesados, coa indicación de que contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

PROPOSICIÓNS

6/97 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 206/2021 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA (Exp. 2021/G004/000541).-

Vista a devandita proposición subscrita polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, número 206/2021 de Rexistro de Pleno, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada favorablemente na Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do 18 de xuño de 2021, do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 9 de Marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola ‘Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia’ (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.

ACORDO:

1- Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Lugo da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2- Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.

b) Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 5 do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 20 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** 3 minutos para o grupo propoñente, para o portavoz do BNG.

- **FELIPE RIVAS JORGE:** Ola, bo día a todos e a todas.

E volta a vaca ao millo e o millo sen segar. Voltamos a traer ao Pleno iniciativas relacionadas coa enerxía. Isto sucede por unha causa moi concreta, precisamos enerxía, non é por luxo, non é por modernidade. A humanidade floreceu a carón dun lume. Era unha fonte de enerxía que máis ou menos tiña controlada. E os enchufes son as nosas novas fogueiras, que nos manteñen vivos, tal é a súa importancia. Establecido que a electricidade é un ben de primeira necesidade,

entendemos todos que o Goberno lexisle sobre ela, sobre a súa produción, transporte e acceso. E aí é onde empezan os problemas.

No Estado español a lexislación sobre electricidade nunca tivo o foco nas necesidades da poboación, senón nos desexos das produtoras. Pero por produtoras non vaíamos a confundirnos e entender un pequeno agricultor que ten unhas placas no teito da súa explotación. Dende o conde de Fenosa ata algún directivo de Iberdrola agora investigado polas súas amizades cun famoso comisario, as relacións entre as eléctricas e os gobernos sempre foron fluídas. De feito, ao deixar os gobernos algunhas persoas fluían cara ás eléctricas por un efecto dalgunha forza supoño que electromagnética, e así, sen entrar en detalles históricos polo miúdo, apareceu tamén por algún efecto eléctrico que non coñecían nin Tesla nin Edison a Lei 24/2013, que basicamente se traduce en que toda a electricidade que se pon no sistema nun momento determinado se paga ao prezo da máis cara nese momento. Isto, sumado a que non existe mecanismo real e efectivo para controlar o prezo de produción, ten como resultado que nos cobran o que queran. E esta especie de mercado tolo acabou de desquiciarse tras impostos ao sol e outros desvaríos marianos, o 9 de marzo deste mesmo ano cando, lonxe de atallar o problema de base, engadiuse outra pata máis a este gato, que xa parece un cempés: a distribución horaria en tres tramos para todos os usuarios, independentemente das súas necesidades, coa escusa da racionalización do uso da electricidade. Só un apunte para desbotar esta falacia: entre as 8 e 2 da tarde é hora punta e, por tanto, carísimo. Como concorda isto con ser un gran produtor de enerxía fotovoltaica, que normalmente funciona mellor de día? Tampouco a eólica, esa que tanta desfeita pode causar, falámolo no Pleno pasado, produce moito pola noite, normalmente as mellores horas de produción son a primeira e última do día e polas brisas de mañá e de tarde.

Así que moi modernos, moi ecolóxicos e resulta que estamos promocionando o uso de enerxía cando para obtela temos que recorrer aos caros e contaminantes ciclos combinados, ou á impopular, preguntade en Xapón e en Fukushima, enerxía nuclear.

Continúo despois.

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois queda agora para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Hola, buenos días. Muchas gracias, señora alcaldesa.

Tengo que reconocer que me gusta el tono que emplea el concejal del Bloque Nacionalista Gallego y coincido, sin duda, en parte de su diagnóstico. Este es un tema que preocupa, que preocupa y mucho, especialmente a los más desfavorecidos. Por supuesto que hay que buscar soluciones y claro que es una tomadura de pelo el sistema de nuevos horarios. Nadie puede entender que en un momento como el que estamos pasando precisamente las horas más caras sean las horas de mayor actividad, y parece casi un chiste el hecho de que la gente tenga que hacer el uso de sus electrodomésticos por la noche. Lo que pasa es que

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

sí sorprende, podemos coincidir en el diagnóstico, pero sorprende las soluciones, porque un partido político que nunca ha defendido la bajada de impuestos, parece que ahora sí ve conveniente esta bajada de impuestos. Bajada de impuestos que, por supuesto, tenemos que compartir porque creemos que es uno de los elementos que encarece muchísimo esta factura y es el camino más rápido, más efectivo de dar una solución real a la gente que más lo necesita.

Pero sí queremos destacar que, incluso desde el Gobierno se hacen estas proclamas, pero tenemos poca confianza en que esto se haga, ya que los propios ministros, como pueden ser ahora Irene Montero o Alberto Garzón, en su día criticaron muy duramente las subidas que se hacían de la luz y se decía que con ellos esto jamás pasaría, hablaban de nacionalizar eléctricas, de que estos problemas debían acabarse, de que no se pensaba en la gente, pero resulta que cuando llegan al poder se dan cuenta de que debe haber demasiadas trabas o que la cuestión no es tan sencilla como para abaratar, y ahora se ven en un callejón sin salida en el que no saben muy bien cómo solucionar.

Nosotros entendemos que uno de los caminos, sin duda, es la bajada de impuestos, pero en este momento en concreto, y de ahí una enmienda que queremos hacer *in voce*, que es una enmienda de adición, entendemos que tiene que ir más allá, y la enmienda de adición reza de la siguiente forma: "Instar al Gobierno central para que lleve a cabo una moratoria para el pago de la factura estableciendo un periodo de transición a las familias y empresas para que puedan adaptarse a la nueva tarifa de la luz".

Pues nada más y muchas gracias.

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Partido Socialista, a señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Grazas, señora alcaldesa.

O primeiro que teño que dicirles é que esta proposición hoxe xa é vella, é extemporánea e desfasada, pois os acontecementos así o avalan.

O pasado día 1 de xuño entrou en vigor a nova tarifación da luz cuxa finalidade non era e é outra que a de adaptar a tarifación ás exixencias europeas, incentivar tamén o aforro a través de cambios nas pautas de consumo das familias españolas; é dicir, fomentar o aforro enerxético trasladando o consumo eléctrico desde as horas de máxima demanda eléctrica, as horas punta, a outras nas que as redes de transporte e distribución se encontren menos saturadas.

Outro dos obxectivos é promover o autoconsumo, que reduce a demanda de enerxía procedente da rede. É dicir, modificouse o sistema tarifario para precisamente abaratar a factura da luz. Sen embargo, esta medida coincidiu no tempo cunha subida desmesurada de enerxía no mercado maiorista. Así, dende finais do ano 20 e máis intensamente desde marzo do ano 21 deste ano, o prezo do mercado maiorista de electricidade está marcando prezos inusualmente altos en toda Europa debido á forte de subida do prezo do gas, á chegada da calor, dos prezos dos dereitos de emisións do CO₂, tras a decisión de Bruxelas de adiantar o compromiso das emisións. Esta coincidencia no tempo, modificar o sistema tarifario

e a subida desmesurada do mercado maiorista de electricidade, foi o que fixo que o recibo de luz subise de maneira alarmante, co conseguente prexuízo por suposto para os sectores e familias máis vulnerables.

Polo que o Goberno de Pedro Sánchez propónse hoxe mesmo aliviar dunha maneira rápida e inmediata este crecemento exaxerado a través dun real decreto lei que se aprobará hoxe, como moi ben saberán vostedes, nun Consello de Ministros extraordinario. Aprobaranse estas medidas fiscais para aliviar o impacto desta subida da luz para consumidores domésticos, pemes e industrias, concretamente aprobaranse tres medidas que producirán un 10% na rebaixa do recibo doméstico: a rebaixa do 21% do IVE ao 10% ata finais do ano para todos os consumidores que teñan unha potencia contratada ata 10 kW, o que suporá un aforro de 6 € ao mes por fogar medio e 32 € ao final do ano, que afecta ao 99% dos fogares.

Pero ademais aplicarase este 10% de IVE a todos os consumidores vulnerables severos ata fin de ano, con independencia da potencia que teñan contratada e do prezo de mercado. Isto si que afectará a 612.000 consumidores, o 50% de fogares beneficiados polo bono social.

A terceira medida é a suspensión do 7% do imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica durante o terceiro trimestre deste ano. Esta medida é moi importante para os consumidores que deducen o IVE soportado; por certo, este imposto foi aprobado e establecido no ano 2012 polo Goberno do PP de Mariano Rajoy para axudar a tapar o déficit de tarifa e de paso favorecer as grandes empresas...

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **ÓSCAR POY FRANCO:** Permítame dicirle, miña querida alcaldesa, que se eu fose crédulo e candoroso estaría para descorchar unha boa botella de viño e brindar con todos vostedes pola decisión do Bloque de presentar ista moción, porque o certo é que menuda moción: rexeitamento da política enerxética do Goberno. Ben, moi ben. Redución de impostos! Entre os servizos que privatiza este Concello cos do Bloque na Xunta de Goberno e a redución de impostos que piden hoxe nista moción calquera diría que o señor Arrojo volveuse neoliberal ou algo. Quedábaseme curta a moción nas súas peticións, miña querida alcaldesa; abofé que non pasaba ren por pedir outras cousas, como unha simplificación da factura, por exemplo, ou lembrar que ista suba da luz afecta decisivamente á calefacción, e o señor Arrojo estará a pensar no verán e nos seus baños na praia fluvial diste Vancouver noso, pero non por iso deberamos esquecer que achégase o inverno e os custes da electricidade afectan á hora de poñer a calefacción, sobor de todo aos que menos teñen. Faltábanme cousas, abofé que si, pero a moción gústábame, abofé que si, tanto que ía propoñer eu aos compañeiros votar a prol da mesma. Pero dinlle a volta á folla, e os traumas ideolóxicos do Bloque, como o dinosourio de Monterroso, atopábanse aínda aí, agochadiños tras unha redacción máis que sibilina, bífida. Esta actitude a vostede seguramente non lle cause abraio porque xa terá vostede comprobado no que vai de mandato que as verbas doces

pronunciadas en voz baixiña e os sorrisos cínicos non son máis que a pel de cordeiro tras a que o Bloque tenta agochar a hiena de sempre. Era unha boa moción abofé que si e por iso o Grupo Municipal do Partido Popular de Lugo queremos votar a prol da mesma e gustaríanos pedir o voto unánime do Pleno a prol da mesma e por iso prantexamos a posibilidade de chegar a un acordo, de acadar un consenso, pois non é isa a función da política? Se o Bloque acepta eliminar do texto da moción os puntos 2b e 2c, a moción deviría razoable e polo tanto estaríamos dispostos a sacala adiante, porque o Partido Popular sempre está a prol de falar e de negociar, de chegar a acordos e de acadar consensos o máis amplos posibles, como o acadado no Parlamento de Galicia a prol da eólica mariña, onde o Bloque quedou unha vez máis so ao quente das súas cutres e casposas cegueiras.

E, por certo, miña querida alcaldesa, falando de cegueiras, vostedes que pensan facer, ademais de culpar de todo a Franco, Fraga, Aznar, Rajoy, Feijóo, a Xunta; ademais de repetir goberno de progreso, non deixamos a ninguén atrás, resiliencia, transversalidade, inclusión. De verdade van defender hoxe niste Pleno que o que está a acontecer está ben feito? De verdade as mesmas voces que no 2017 alporizábanse falando de pobreza enerxética porque a luz subía un 4% hoxe van aplaudir as decisións do Goberno de don Pedro nun contexto no que a suba é do 45? Eu non digo de votar a prol das teimas ideolóxicas do Bloque, pero alomenos unha crítica ao que dorme na Moncloa xa dende hai 3 anos. É moito pedir?

Miña querida alcaldesa, sempre seu.

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda, minuto e medio para o grupo propoñente, o portavoz do BNG.

- **FELIPE RIVAS JORGE:** Graciñas de novo.

Vistos os feitos, no BNG temos unha alternativa: se a electricidade e a enerxía no seu conxunto é unha necesidade, tratémola como tal, racionalizando os impostos que a gravan, nomeadamente o imposto especial de electricidade, que debe suprimirse, e rebaixando o IVE ao 4% de forma xeral e non facendo un pacto este mes porque vai saír unha factura moi escandalosa e en canto poidamos volver outra vez ás andadas en canto a cousa amaine.

Debemos solucionar a base do problema e a lei que establece este mercadeo co prezo da luz e que dá ás empresas do sector a capacidade de presionar cando queren. Igual credes nas coincidencias, pero foi anunciar a intención de recortar os beneficios caídos do ceo da hidráulica e marcar a luz un prezo máximo histórico. Establecer un mecanismo de cálculo baseado nos custos de cada tecnoloxía impediría estes subidóns ao gusto das eléctricas. E non menos importante no camiño da racionalización pero da seria, da real, habería que compensar os territorios produtores cun abaratamento da súa factura, de maneira que o custo social e medioambiental da produción nos traia alomenos unha maior competitividade grazas ao prezo da luz.

A enerxía pode ser xusta, sustentable e producir beneficios, non só económicos e non só para os amigos dos gobernos, que por certo fan tanto no PP como PSOE. A nós as eléctricas non nos queren e nós preocupados.

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda novamente para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Sí, muchas gracias.

Sí pediríamos al concejal del Bloque Nacionalista Gallego que se pronunciara respecto a la enmienda de adición propuesta por este grupo, porque, sin duda, condicionaría el voto.

Y, respecto al fondo del asunto, incidir un poco en lo mismo, que entendemos que efectivamente hay un problema de fondo y en eso tenemos que coincidir, hay que tomar medidas estratégicas complejas y que no vayan simplemente al desarrollo de simplemente tapar un parche sobre un problema concreto en un momento determinado, esto no va a ser la solución del problema.

Creemos que las medidas que se van a adoptar por parte del Gobierno pueden llegar a ser positivas, pero, claro, no son suficientes; y, como decimos, creemos que simplemente es un parche, entendemos que la revisión debe ser mucho más profunda y sí que es cierto que, al igual que existen ciertas actividades oscuras, podemos decir así, dentro del mundo de las eléctricas, también es un sector que está muy ideologizado y desde la izquierda también se utiliza desde este punto de vista. Nosotros creemos que lo mejor es aplicar el sentido común, ahora mismo efectivamente tomar medidas concretas, pero si apoyamos que haya una reestructuración compleja y profunda del sistema de producción eléctrica en España.

Nada más y muchas gracias.

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Partido Socialista, a señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa.

Curiosamente señor Poy, entendínlle que propoñía a supresión dos puntos 2b e 2c, curiosamente o punto 2c, o que se refire ao imposto sobre valor de produción de enerxía eléctrica, ese que puxeron vostedes no ano 2012 e que xa foi suspendido temporalmente no ano 2018 polo Goberno do PSOE durante seis meses para conter outra ola alcista como a que estamos a vivir hoxe no prezo da luz.

En fin, si é certo, niso estou de acordo co señor Vidal-Pardo que hai que abordar unha reforma estrutural e fiscal do sistema enerxético, pero nestes momentos, cando empezan a recuperarse as familias e as empresas, é necesario de maneira urxente aliviar inmediatamente o incremento da factura de electricidade. Isto é o que está facendo o Goberno, o que está facendo hoxe mesmo o noso Goberno, unha saída rápida e decidida en favor das familias; esta medida ademais non é unha medida illada, xa que o Executivo está a realizar un esforzo mantido e

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

constante neste eido. Así, aprobáronse medidas sociais contra a pobreza enerxética, estase tamén a traballar no novo marco regulatorio, no que xa se deron pasos como a eliminación do imposto ao sol, as subastas renovables, etcétera.

Por iso hoxe imos votar non a esta proposición. Primeiro porque consideramos que é extemporánea, nace xa vella e fóra de contexto. En segundo lugar porque se quere facer un uso político e interesado dun tema tan sensible como é o custo dun ben esencial e de primeira necesidade, como é a luz para os máis vulnerables, co só propósito de buscar réditos políticos.

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Última quenda para o portavoz do Partido Popular, minuto e medio.

- **ÓSCAR POY FRANCO:** Tres cousas moi rápidas. Señora Alvarelos, pedín a supresión precisamente o que non pedín foi a supresión do punto 2a, aprenda a escoitar ou polo menos a ler. Segunda, señora Alvarelos, vostede sempre lle bota a culpa a todo o mundo, incluso á xente que non cobra porque non quere cobrar ou algo así que di todos os meses neste Pleno. Que nunca teñan vostedes a culpa de nada o que converte a vostedes son nuns irresponsables.

Señores do Bloque, veñen vostedes a iste Pleno a facer de Pilatos, coma se non tivesen responsabilidade algunha na investidura deste Goberno, pero eu entendo perfectamente que fagan isto, entendo que vaian correndo a Madrid a facerse a foto coa señora Lastra, non hai palleiro sen palla nin bloqueiro sen obsesión por saír en fotos. E comprendo traian istas mocións de propaganda sen intención sequera de negocialas para sacalas adiante. E eu non son tan crédulo e candoroso como para pensar que o Bloque que podería empregar a poderosa ferramenta de presión ao PSOE de que dispoñen todos eses gobernos locais e provinciais nos que si son peza crave para garantir que sexa o PSOE o que mova os fíos, porque o certo é que coroneles e coronelas do Bloque non teñen onde gañarse a vida fóra da política e por iso andan sempre a baixar a orelliña perante Ferraz e a simular que berran moi forte contra o partido ao que sustentan nos gobernos das nosas vilas, das nosas cidades e da nosa nación.

Bos días.

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Pois última quenda para o grupo propoñente, 30 segundos, señor Rivas.

- **FELIPE RIVAS JORGE:** Graciñas.

Con respecto ás emendas, a do PP desnaturaliza completamente a proposta, e entendemos que a de Ciudadanos, aínda que que compartimos que a poboación en risco ten que ser protexida, entendemos que debería haber outros formatos e ao final as moratorias son non pagar hoxe para ter que pagar mañá, entón tamén tampouco sería unha solución.

E, como apunte, o BNG sempre estivo a favor dos impostos directos e bastante en contra dos indirectos, incluída a subida do IVE ao 21%.

Graciñas.

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois imos proceder entón a votar a proposta coas dúas emendas rexeitadas de PP e Cidadáns, e polo tanto a proposta tal e como se plantexou.

7/98 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 207/2021 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A CONCESIÓN DE INDULTOS A CONDENADOS POLO PROCÉS (EXP. 2021/G004/000543).-

Vista a citada proposición do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, número 207/2021 de Rexistro de Pleno, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada favorablemente na Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do 18 de xuño de 2021, expresiva do seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El denominado ‘juicio del procés’, en el que se juzgaba las actuaciones de diversos políticos y cargos en el otoño de 2017 relativas al procedimiento de independencia impulsado en Cataluña, concluyó con la condena a antiguos cargos del Ejecutivo catalán y del Parlamento autonómico por delitos de sedición, unido en algunos casos a un delito de malversación.

La reacción a esta sentencia condenatoria por parte del Gobierno de España a través del, por aquel entonces, Presidente del Gobierno en funciones, fue pedir ‘respeto’ para esta resolución judicial, destacando la labor ‘independiente del Tribunal Supremo y su autonomía, transparencia, garantías y profesionalidad, así como el cumplimiento íntegro del contenido de la misma, instando al Gobierno catalán a no apartarse de la Ley y la Constitución’. Se destacó igualmente el correcto funcionamiento del Poder Judicial, así como la necesidad de acatar la resolución, y se insistió en que ‘no procede en absoluto hablar de indultos’.

Posteriormente, y al hilo de los sucesos anteriormente recogidos, en los debates celebrados de cara a las elecciones generales de celebradas a finales del año 2019, el candidato socialista propuso una reforma del Código Penal para que la convocatoria de un referéndum ilegal fuera considerada de nuevo un delito.

Sin embargo, y por contraste, el Ministro de Justicia manifestó recientemente la necesidad de ‘que se vea con naturalidad la decisión del Gobierno sobre los indultos a los condenados por el procés’.

Esta declaración, así como otras manifestaciones emanadas de los partidos que conforman el Gobierno de coalición, parecen indicar un cambio de criterio que puede resultar determinante en la decisión que finalmente se adopte en relación a estos indultos, con la finalidad de mantener y asegurar la mayoría en el Congreso de los Diputados, de la que forman parte partidos independentistas catalanes, así como encauzar la relación con el nuevo Gobierno catalán, de corte independentista y defensor de la vía unilateral.

Los condenados, que pueden manifestarse en este procedimiento de concesión de indultos, han optado en su mayoría por no hacerlo; y el único que sí lo

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

ha hecho no ha expresado ningún tipo de arrepentimiento ni reconocimiento del delito; antes bien, ha manifestado a través de redes sociales su reivindicación de los hechos y la intención de repetirlos.

La figura del indulto no es, pues, una medida para alcanzar fines políticos ni alterar el sentido de una resolución judicial; a ello se une el hecho de que no existe por parte de los condenados ningún tipo de arrepentimiento o rechazo del hecho delictivo cometido.

El propio Tribunal Supremo, que sigue teniendo una causa abierta contra parte de los responsables del golpe aún sin juzgar, ha reiterado que es parte de la estrategia del golpe a la democracia esperar a la retirada del 155 y las medidas que aplique el Estado de Derecho para seguir con nuevos impulsos de ruptura. Esto implica un peligro objetivo contra el orden constitucional de nuestro país y una amenaza intolerable para los derechos y libertades de todos los ciudadanos. Y muy especialmente para los de Cataluña, que ya sufrieron los desmanes arbitrarios e iliberales del Govern en 2017, y ahora ven que los culpables pueden eludir su condena sin ni siquiera un atisbo de arrepentimiento.

Su reiterado "lo volveremos a hacer" y el plan de Govern aprobado por los partidos que dirigen los condenados por el Tribunal Supremo en el que se prevé explícitamente forzar al Estado de Derecho a capitular ante el desafío separatista son un claro indicio de que esa estrategia de reiteración delictiva de la que ha venido advirtiendoe el Tribunal Supremo. Todo ello, conlleva la inviabilidad democrática de indulto o beneficio alguno.

El presidente del Gobierno, respecto al tema de los indultos, ha declarado que 'la Constitución recoge tanto el castigo como la concordia' aseverando que "Hay un tiempo para el castigo y un tiempo para la concordia" y ha recalado que "tomará la decisión por la convivencia de los españoles" en "beneficio de la concordia" y que la decisión que tome 'tendrá muy presente los valores constitucionales de la concordia, el diálogo, el entendimiento, el reencuentro y la superación de una crisis que desgarró a la sociedad catalana y española'.

También ha hablado de que la 'venganza' no es un valor constitucional. Pero, ¿es acaso venganza el cumplimiento de las sentencias judiciales?, ¿y puede considerarse diálogo cuando la única oferta hecha desde el independentismo ha sido continuar con sus pretensiones unilaterales, iliberales y amenazando con seguir violentando derechos fundamentales? La concordia es, por supuesto, importante, pero solo dentro del marco de derechos y libertades de la Constitución Española, propios de una democracia liberal y un Estado de Derecho, que debe mantenerse firme frente a los ataques de aquellos que pretenden destruirlo.

Por todo lo expuesto, el Grupo Municipal Ciudadanos Lugo presenta al Pleno de la Corporación para su debate y, si procede, aprobación, el siguiente,

A C U E R D O

ÚNICO. - Que el Concello de Lugo inste al Gobierno de España a defender y garantizar la igualdad de todos los españoles ante la ley y no conceder indultos a los políticos del 'procés' condenados por el Tribunal Supremo por sedición y malversación de fondos públicos, que no han dado muestras de arrepentimiento y además han manifestado su intención de volver a llevar a cabo actuaciones

contrarias a la legalidad, por cuyos delitos fueron juzgados y condenados el pasado octubre de 2019.

Vista, así mesmo, a emenda “in voce” presentada pola voceira do Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo a súa propia proposición no sentido de substituír no punto de acordo a expresión *no conceder indultos a los políticos del “procés”* por *revocar los indultos concedidos a los políticos del “procés”*.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coa modificación introducida pola emenda presentada, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición do Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

LARA MENDEZ LÓPEZ: ... imos proceder a facer un debate conxunto da proposición número 7 e da proposición número 12, tal como se acordou na Xunta de Portavoces, facendo despois coma sempre pois esa votación por separado. Así que iniciamos nesta primeira quenda primeiramente polo primeiro grupo propoñente, por Cidadáns, 3 minutos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

En primer lugar, y dado que los indultos ya se han aprobado, queríamos hacer una enmienda *in voce* de sustitución que diga lo siguiente: “Que el Concello de Lugo insta al Gobierno de España a defender y garantizar la igualdad de todos los españoles ante la ley y en consecuencia revoque los indultos a los políticos del *procès* condenados con por el Tribunal Supremo por sedición y malversación de fondos públicos por no haber dado muestras de arrepentimiento y haber manifestado su intención de volver a llevar a cabo actuaciones contrarias a la legalidad, por cuyos delitos fueron juzgados y condenados el pasado octubre de 2019”.

Dicho esto, y ya entrando de lleno en un tema que desde nuestro partido político y desde este grupo municipal entendemos muy serio, y entendemos serio porque están en juego ciertas libertades y Estado de derecho que se está justificando por parte del Gobierno y de los diferentes grupos de una forma que no podemos compartir.

En primer lugar, se justifica porque se dice que está dentro de nuestro ordenamiento jurídico el hecho de que se puede indultar. Efectivamente, está dentro de nuestro ordenamiento jurídico, pero se puede hacer un uso no apropiado de ciertas herramientas que nos da el abuso de derecho; nosotros entendemos que es esta. Y de hecho se llega a decir "es que existe una carta de Junqueras por la cual dice que los políticos están arrepentidos" y ahí se está prescindiendo, entendemos, también del derecho, porque los indultos son individuales, los indultos no son colectivos, y si efectivamente una persona ha mostrado su arrepentimiento, como el señor Junqueras, supuestamente, porque que si lees la carta no concluirías lo mismo, pero debería indultarse o al menos valorar eso. Sin embargo, se ha hecho una especie de *totum revolutum* en el que se trata de indultar a todo el mundo por hechos gravísimos diciendo que esto es una llamada a la concordia. Entonces el siguiente paso es analizar realmente ¿esto nos sirve para algo?, ¿estos indultos van a significar algo en la vida política? Hombre, llevamos un día, pero lo que se ha visto es que no hay arrepentimiento de ningún tipo, de hecho por eso mismo no pudo haber un indulto total, ha sido parcial, no ha solucionado el problema, las personas que salen de prisión según salen de prisión lo que dicen es que van a seguir con esa misma línea de tratar de derrocar al Estado de derecho; sí que es cierto, y porque no les queda más remedio, que dicen que van a hacer política, pero ya están pidiendo lo mismo que pedían en su día cuando acabaron cometiendo delitos. Y estas mismas personas y de forma muy grave, entendemos, hablan de opresión y de falta de libertad en Cataluña, lo cual es absolutamente intolerable, es absolutamente falso. Tienen tanta libertad que hasta han podido hacer campaña política y han podido defender el primer día que salen de prisión sus ideas; es decir, que en Cataluña no existe ningún tipo...

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, pois o segundo grupo poñente, tres minutos para o Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Si, bo día. Grazas, alcaldesa.

Pásanos o mesmo que a Ciudadanos. Esta iniciativa xa a temos que autoemendar antes de debatela, xa que esta semana vén consumarse un verdadeiro atropelo á nosa Constitución e ao noso Estado de dereito, e ademais dunha chantaxe a un Goberno que non soubo estar á altura do que España merece.

Miren, o pasado martes o Consello de Ministros concedeu o indulto aos políticos independentistas cataláns presos, e recórdolles que o Tribunal Supremo os condenou a entre 9 e 13 anos de prisión e inhabilitación polos delitos de sedición e malversación. A verdade é que as présas que se deu o señor Sánchez para conceder eses indultos só teñen un obxectivo e non é outro que manterse na Moncloa uns días máis. Oxalá tivese o señor Sánchez as mesmas présas para cumprir os compromisos con esta provincia e con esta cidade; falamos das autovías, a alta velocidade, a comisaría da Policía Nacional, os arranxos das carreteras nacionais que están como corredeiras, o desdoblamento Nacional VI, de

ronda Norte, a iluminación dos accesos á cidade. Pero hoxe non imos disto, hoxe imos centrarnos nesta inícia.

E dicía o señor Sánchez que todos eles, os condenados, terían que cumprir as súas penas. Pero xa sabemos o que vale a palabra deste presidente do Goberno. Faltoulle tempo para ceder á chantaxe dos independentistas, eses que o levaron ao Goberno, incluso cando eses mesmos condenados nin mostraron arrepentimento e ademais se ratifican en que volverán a facelo. Nese senso, o informe do alto tribunal di que o que o Goberno pretendía e xa executou é retorcer a natureza do indulto co único fin da súa supervivencia.

Miren, o Goberno dende logo que preferiu poñerse do lado dos golpistas independentistas e pon en dúbida o funcionamento da xustiza española, e así o confirma o mesmo señor Oriol Junqueras, dicindo que isto vén a demostrar a debilidade do Estado fronte aos independentistas cataláns.

E, miren, nosoutros con esta iniciativa o que pretendemos, ademais de autoenmendala porque, como dixen, todo evolucionou a unha velocidade esta semana de moitos quilómetros, nosoutros o que pedimos é o respaldo incondicional e absoluto á nosa Constitución e ao resto do ordenamento xurídico. Pedimos o apoio ao labor que fan a diario todos os tribunais de xustiza, e ademais condenamos esa decisión do Goberno desta semana de conceder os indultos.

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, finalizou a súa quenda. Quenda agora para o portavoz do BNG.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas e moi bo día.

Remataba o señor Carballo falando do respecto aos tribunais de xustiza e ademais mencionaba todos, parece que se esqueceu tamén do Tribunal Europeo, que sería bastante importante telo en conta.

O problema real dos indultos é que precisamente se aposte por indultos e non pola amnistía, que sería o xusto neste caso. As posicións que hoxe imos debater non nos sorprenden no que ao PP respecta, falamos do mesmo partido que se opoñía ao matrimonio homosexual, de feito ata o negou ao Tribunal Constitucional, do mesmo partido que se opoñía á Lei do aborto, ou ao fillo do partido que se opoñía a iso que celebramos que se cumpriu hai 30 anos, que foi a Lei do divorcio, non? Entón, ao final foi o partido que se opuxo sempre a todo o que tivera que ver co progreso.

Pero si sorprende máis por parte de Cidadáns, ese partido que ía de moderno, de social liberal, de europeo, e que agora ademais ve como a xustiza europea é a que lle pega o toque ao propio Estado español de por que están estas persoas en prisión, e parece que Cidadáns pois tamén segue deixándose levar por esa axenda que agora mesmo pois está marcando a ultradereita de Vox, esa é a realidade.

E non imos ser nós os mellores defensores da Unión Europea, pero tamén temos que dicir que preferimos bastante antes estas posturas da Unión Europea que un modelo como pode ser o semellante ao modelo Erdogan de deixar nas cadeas aqueles que pensen diferente.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

A situación dáse nun territorio que está claramente definido e que os propios redactores da Constitución española, da propia Constitución española, cando estaba ademais o exército franquista ao lado, tiveron que recoñecela como nacionalidade histórica, e por algo era. Nun territorio onde, segundo todos os datos sociolóxicos, máis dun 80% da poboación quere poder votar, quere poder decidir o seu futuro. E houbo un referendo que ademais foi por mandato popular, polo mandato popular que se fixo durante unhas eleccións. E casualmente, mentres máis de dous millóns de persoas levaban a súa papeleta a unha urna, houbo un Goberno dirixido polo Partido Popular que o que mandou foi as forzas e corpos de seguridade do Estado a dar porrazos contra todo o que se atopase por diante, daba igual que fosen nenos que anciáns. Nese momento os seccionistas e golpistas eran os que poñían as urnas, e os demócratas eran os que mandaban, daban orde de dar porrazos. Esa é a lóxica coa que a dereita actuou nese momento.

E nós imos respectar ata o último momento e ímolo facer a todas as persoas que defendan a unidade de España, imos respectar que calquera persoa poida ter esa idea. Pero tamén as persoas que defenden iso teñen que respectar a quen cremos que Galiza, Euskadi ou Cataluña, que son nacións, poidan decidir o seu futuro se o seu pobo o decide democraticamente, e que poidan incluso chegar a converterse en estados soberanos. E iso é política, iso é democracia, poder contrastar ideas.

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, finalizou a súa quenda. Quenda agora para o portavoz do Partido Socialista.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Mellor voume reservar para a segunda porque estou aprendendo moito.

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois iniciamos a segunda quenda por parte de Cidadáns, un dos grupos propoñentes. Solicitarlle ao señor Vidal-Pardo que aclare se a emenda que fixo foi autoemenda á súa propia moción ou é unha emenda transversal ás dúas, para despois á hora do voto ter claro como posicionarnos. Grazas.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Si, muchas gracias fue autoenmienda.

A mí me parece una auténtica barbaridad todo lo que se dice aquí por parte del Bloque. O sea, es que no hay por dónde cogerlo, no hay ningún argumento jurídico sólido para justificar nada de lo que se está diciendo. Cuando un país se da una constitución y se da un marco jurídico, es ese marco jurídico con el que hay que jugar; ahora lo que se pretende es romperlo por las bravas, romperlo porque sí y crear nuevos Estados. Es decir, pretende crear Estados, o dice que hay libertad para crear estados en el País Vasco, en Galicia y en Cataluña, pero con un derecho inventado, con un derecho que ellos creen, bueno en su derecho los marcos constitucionales y legales se pueden romper, se pueden modificar al antojo de unos pocos y en función de ese derecho al antojo decido que lo hago. Se basan muchas veces, también he escuchado apoyos legales en base también a que puedan existir

derechos internacionales, lo cual es absolutamente falso, no hay ningún derecho internacional como el de autodeterminación que pueda aplicarse a España. Y ya respecto al tema, porque esto daría para mucho y además es un sentido y explicar las cosas que no tienen sentido a veces se complica mucho, pero lo que es la amnistía, es que esa amnistía es imposible, es una auténtica barbaridad que un representante público pida una amnistía cuando un Tribunal Supremo sentencia que no ha sido combatida por nadie dice...

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, finalizou a súa quenda. Quenda agora para o segundo grupo propoñente, para o Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas de novo, alcaldesa.

Señores do BNG, señor Arroxó, vostedes xa non enganar a ninguén. Todos sabemos quen son, de onde veñen e a quen defenden vostedes. Pero, miren, por moita pel de cordeiro que vostedes se poñan debaixo, sempre aparece esa UPG independentista que sempre que teñen ocasión se poñen vostedes do lado dos independentistas e do lado dos que defenderon e apoiaron aos terroristas. Si, vostedes son eses que van sempre unidos a Bildu e a Esquerza Republicana. Miren, se vostedes non fan o mesmo en Galicia, é porque os galegos e as galegas xa os coñecen e, por moito que se disfracen, saben xa quen son. E é bo que vostede saque a careta como fixo hai un momento, porque temos que saber que hai detrás dese Bloque que intenta dar esa imaxe tan amable.

E miren, señores do Partido Socialista, señor Santos, non me estraña que vostede renunciara a esa quenda porque probablemente lle queime o debate, pero xa hai tempo que vostedes, como Partido Socialista, perderon a O de Obreiro e están vostedes a perder o E de España tamén. Así quedaron vostedes nun PS en vez de Partido Socialista só significa Pedro Sánchez, e detrás dese partido Pedro Sánchez xa non queda ideoloxía ningunha do Partido Socialista, senón a súa propia ideoloxía, e o único que pretende é manterse no cargo.

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz do BNG.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Señor Carballo, quero darlle a en hora boa porque neste Pleno acaba de descubrir que o BNG é unha organización nacionalista, nunca é tarde para aprender cousas. Entón, vamos continuar con este debate no que ten que a ver no serio.

Señor Vidal, eu creo que hai diferenciar nestas cousas o que é o debate xurídico e debate político. Aquí estase facendo un debate político e as leis precisamente xorden dos debates políticos; e claro que as leis son inventadas, todas as leis son inventadas por alguén, ou como se crean as leis?, non estaban aí impresas antes de que chegara a humanidade, e son debatidas en parlamentos políticos, así é como se xeran.

E ademais dicía antes que hai modelos en Europa que non tiveron ningún tipo de complexo en levalo adiante. Está o caso de Escocia en 2014, non houbo

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

ningún problema, houbo un acordo co propio Estado e Escocia, o pobo escocés puido votar dunha forma totalmente democrática. Esa é a gran diferenza que houbo entre un Estado que soubo asumir que había unha poboación que quería decidir o seu futuro e outro Estado que non o quere aceptar e que ademais acaba dicindo que unha persoa de Málaga ten que votar o futuro dunha persoa de Cataluña. Ese é o gran problema que temos sobre a mesa e é un problema político, non xurídico.

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Socialista, o señor Santos.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** O Partido Popular defende España, a Constitución e o respecto aos órganos xudiciais dende unha sede financiada ilegalmente, na que destruíron os seus ordenadores para que non puidesen investigarse e sen saber anos despois quen é M. Rajoy, nin un murmuro se lles oíu. Nisto Aznar deu en chamar aos terroristas de ETA Movemento de Liberación Nacional Vasco en vez de banda terrorista, non lles escoitei chamarlle covarde vendepatrias. Nun Consello de Ministros de... Aznar, antes de ser xulgados a case todos por corrupción os seus ministros, indultou a 15 exmembros da organización terrorista catalá Terra Lliure. O Goberno de M. Rajoy indultou un condutor kamikaze que matou a outra persoa, familiar dun conselleiro de Cospedal, nin un espavento, coherencia radical.

Todos os españois independentemente da nosa condición identitaria merecemos avanzar e para iso é precisa xenerosa vontade e perspectiva. Niso está este Goberno, só, como sempre que España o necesita.

Conclusión, nunha España multicultural e pluriidentitaria historicamente presenciamos dúas actitudes, tamén nesta ocasión. Fronte á súa patria para o seu patrimonio, a nosa España da construción social; fronte aos seus complexos, o noso orgullo; fronte á súa aporofobia, a nosa acollida; fronte á súa soberbia elitista, a nosa humildade correctora da desigualdade; fronte ao seu enfrontamento, o noso talante; fronte á súa discordia, a nosa concordia; fronte a Vox, nós; e fronte a vós, tamén nós. E se Estrasburgo anula a licenza, que dirán?

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para os grupos propoñentes, primeiramente Cidadáns, 30 segundos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Sí, muy brevemente por resumir. La política es para hacer leyes y las leyes hay que cumplirlas, simplemente eso, es así de fácil, el resumen es así de sencillo, no hay más. Escocia, la legislación escocesa prevé el referendo, la legislación española no lo prevé, la ley no lo prevé. Si quieren hacerlo, modifiquen la ley, es tan sencillo como eso. Segundo, el Tribunal Europeo no se ha pronunciado acerca de los indultos, ha sido una resolución del Consejo de Europa que nada tiene que ver con una resolución vinculante o una sentencia de un tribunal europeo...

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda tamén para o outro grupo propoñente, o Partido Popular, 30 segundos.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Si, señor Arroxo, xa lle dixen máis veces, vostedes si que son útiles para o Partido Socialista, pero son inútiles para os intereses de Galicia. E o de nacionalistas quedaselle curto, vostedes o que son é independentistas, así de claro.

E, señores do Partido Socialista, señor Santos, non utilice o termo convivencia de maneira torticeira; a convivencia só é posible desde o máximo respecto a todas as leis e normas que nos demos, non só á s que nos interesan cumprir en cada momento. Polo tanto, hoxe aquí vanse retratar todos os grupos da oposición a respecto...

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Moi ben, imos entón á lectura do punto n.º 7, secretario.

- **SECRETARIO:** Punto sétimo, proposición do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo sobre a concesión de indultos aos condenados polo *procès*.

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Procedemos á votación con esa emenda do propio grupo proponente incorporada.

8/99 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 208/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REMUNICIPALIZACIÓN DO SERVIZO DE GUINDASTRE (EXP. 2021/G004/000544).-

Vista a antedita proposición, presentada polo Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, número 208/2021 de Rexistro de Pleno, cuxa elevación a Pleno foi ditaminado favorablemente na Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do 18 de xuño de 2021, do teor seguinte:

“Exposición de motivos:

A piques de rematar a concesión do servizo de retirada de vehículos da vía pública e posterior traslado ao depósito, en setembro de 2015, a anterior Corporación aprobou unha moción promovida polo BNG relativa á súa, contrato que finalizaba o 30 de novembro de 2015. Anteriormente e xa en 2014, o Pleno aprobara estudar a rescisión da concesión da grúa antes do remate do contrato.

Os argumentos esgrimidos e amplamente compartidos eran o déficit económico que esta concesión lle estaba a supuñer a esta administración local. O grupo proponente defendía que era o momento de iniciar os pasos para devolverlle a este concello a xestión pública deste servizo. Porposta que contonou coa aprobación de toda a corporación agás do partido socialista. E isto a pesar de ser un servizo moi cuestionado e incluso citado pola Intervención Xeral Municipal na aprobación das facturas, reiterando constantemente a necesidade da adecuación entre a prestación e a dimensión do mesmo.

En novembro de 2015, a empresa concesionaria naquel momento,

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

Cechalva, solicitou a prórroga do contrato, prórroga informada favorablemente polo Inspector responsable do contrato, baseando o seu informe en que é unha prestación indispensable e que no contrato actual se contempla esa posibilidade de prórroga por mutuo acordo das dúas partes. Tamén o Xefe do Parque Móbil emite un informe en decembro de 2015 onde indica que coa plantilla actual era imposible cubrir ese servizo.

En decembro de 2015, a Alcadesa solicita por decreto que se tramite a prórroga desta concesión, pero finalmente non se levou a cabo. O Servizo de Contratación remitiu un informe como resposta á solicitude emitida polo Xefe de Gabinete en marzo de 2016 no que se pedían os motivos polos que non se prorrogara este contrato. Desde contratación se relata os pasos dados para a tramitación dunha posible prórroga e onde se da conta dos feitos que levaron á non tramitación da mesma. Hai que lembrar que o Xulgado de Instrucción nº 1 emitira tamén un oficio relativo ás dilixencias previas no procedemento abreviado 972/2011, contestado polo Xefe de Contratación.

En novembro de 2016, tamén existe un informe da Xefa de Persoal, onde da conta do persoal existente e da necesidade de crear estas prazas necesarias no cadro de persoal, como documento anexo aos orzamentos e, por suposto, na RPT en caso de recuperar esta concesión.

Esta non prórroga nin avance no estudo da remunicipalización supuxo que se lle estivera pagando á empresa concesionaria desde o 30 novembro de 2015 facturas con reparo de legalidade, por importe de 50.000 euros ao mes.

No mes de marzo de 2016, a Alcadesa Lara Méndez presentou unha proposta de inicio do expediente de municipalización e a composición da comisión contemplada no artigo 97 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. Dado que nada máis se soubo, en maio de 2016, apróbase outra moción, coa abstención do PSOE, esta do PP, na que se acorda a convocatoria da Comisión de Estudo para levar a cabo os trámites e estudos necesarios para a remunicipalización do servizo do guindastre, dándolle así continuidade, 8 meses despois, ao aprobado en setembro de 2015. Nese Pleno, o equipo de goberno comprometéase a avanzar no camiño da municipalización.

O 4 de decembro de 2017, a Xunta de Goberno Local aprobou a contratación da prestación deste servizo, cun orzamento base de licitación de 540.675,77 euros IVE incluído, contrato que quedou deserto ao constatarase a ausencia de licitadores para o mesmo na mesa de contratación celebrada o 5 de febreiro de 2018.

Ante isto, e sen ter avanzado absolutamente nada no expediente de municipalización, a alcaldesa solicita o 6 de febreiro de 2018, un informe ao Servizo de Contratación para que se apunten as posibles causas de ausencia de licitadores e a enumeración dos seguintes procesos administrativos a seguir para volver a licitar o servizo, informe que se remite polo Xefe do Servizo de Contratación o 8 de febreiro. Tras as consideracións dese informe, a alcaldesa emite unha providencia o 12 de febreiro para que se elabore un procedemento negociado.

A Xunta de Goberno Local, en setembro de 2018, acorda declarar deserto o procedemento para a contratación da prestación dun servizo de retirada de

vehículos da vía pública e traslado ao depósito, dada a ausencia de licitadores, e aprobar unha nova contratación por procedemento negociado sen publicidade, á que se presentan dúas ofertas.

Na Xunta de Goberno celebrada o 27 de novembro de 2019, xa neste mandato, se lle adxudica o contrato á empresa Setex Aparki SA, por un importe anual total de 465.000,34 euros, IVE incluído, cunha duración dun ano, con posibilidade de prórroga, sen que poida exceder de 2 anos. Dito contrato iniciouse o 1 de marzo de 2020.

Na Xunta de Goberno Local do 24 de abril de 2021 aprobouse a prórroga do contrato ata o 28 de febreiro de 2022.

Dado que o compromiso do goberno municipal era avanzar na municipalización deste servizo, e tendo en conta, ademais, que hoxe é socio do goberno quen propuxo xa en 2015 o inicio da mesma, desde o grupo municipal de Ciudadanos Lugo consideramos que é o momento de iniciar o expediente de municipalización deste servizo sen demora, para que en 2022 se así de dictamina no citado expediente, este servizo poida ser prestado directamente por esta administración.

Tralo exposto anteriormente, o grupo municipal de Ciudadanos Lugo considera de interese municipal que o pleno da corporación acorde:

1. Iniciar o expediente de municipalización do Servizo de retirada de vehículos da vía pública e o seu posterior traslado ao depósito, conforme co disposto no artigo 97 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

2. Crear a Comisión de estudo prevista no artigo 97 a) do anterior Texto Refundido, para que proceda a elaboración dunha memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica de que se trate, na que deberá determinarse a forma de xestión, entre as previstas pola Lei.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición do Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

- **LARA MENDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos co grupo propoñente, portavoz de Cidadáns, 3 minutos.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** O servizo de guindastre leva desde hai anos sendo un servizo cuestionado polo seu custo para as arcas municipais, e incluso considerado polo Servizo de Intervención en moitos informes como sobredimensionado. Iso sen ter en conta que estivese presente nun proceso xudicial. Estas cuestións foron as que promoveron a presentación de distintas propostas no anterior mandato para iniciar o expediente de remunicipalización, propostas que sempre contaron coa unanimidade da oposición ... (non se entende) ...do Grupo Socialista.

Todos consideramos que o servizo prestado de xeito directo por esta Administración sería asumible cun custo moito menor para as arcas municipais. O Bloque Nacionalista Galego en setembro 2015 deu o pistoletazo de saída para iniciar os pasos necesarios, e ante a pasividade do Goberno socialista durante meses, foi reiterada polo Partido Popular en 2016.

O noso grupo municipal sempre apoiou estas iniciativas por considerar indispensable iniciar a expediente previsto na lei e cos correspondentes estudos económicos para comprobar se se gañaría en eficacia e eficiencia se se recuperara esta prestación.

O Goberno municipal, en marzo de 2016, ata amosou unha mínima vontade de cumprir estes acordos plenarios, pero todo quedou en nada. 5 anos despois e cun Goberno sostido polos votos do Bloque Nacionalista sorpréndenos que no se exixiran avances neste asunto e máis aínda que cos seus 5 votos na Xunta de Goberno Local apoiaran un contrato novo e en febreiro deste ano a prórroga do mesmo. E isto cando foron os que afirmaban que era un servizo tremendamente deficitario e amosaron un firme compromiso coa remunicipalización dos servizos. Parece que foi tocar Goberno e como por arte de maxia esqueceron eses compromisos, se non, non se pode entender que os seus votos sirvan para manter un servizo que vostedes mesmos urxiron en recuperar.

Do Partido Socialista xa non esperabamos outra actitude, nunca amosaron moitas ganas de iniciar esa posible remunicipalización; de feito, aínda que sempre defenderon que sería un contrato ponte mentres se desenvolvía o expediente de municipalización, a realidade confirma que mentiron. Porque a pesar do tempo que se tardou en sacar adiante este contrato, non foron quen nin de convocar a comisión que eles mesmos crearon. E, por suposto, na recente RPT aprobada tampouco contemplaron o persoal necesario. Así que queda claro que non tiveron nin teñen ningunha intención de estudar a fondo as posibilidades de prestación deste servizo.

Desde o noso grupo seguimos defendendo o mesmo, estamos convencidos de que é posible recuperalo aforrando custos e gañando en eficiencia, pero para iso é indispensable cumprir coa normativa que indica os pasos a seguir.

Señores do BNG, hoxe vostedes poden facer valer os seus votos e amosar esa coherencia da que presumen e que deberon esquecer nas xuntas de goberno. Gobernar en coalición debe ser algo máis que só atender as súas áreas de goberno

buscando unha rendibilidade unicamente persoal ou partidista. Debe servir polo menos para tratar de cambiar o que se pode mellorar e máis cando vostedes estaban convencidos diso. Hoxe esperamos que non miren para outro lado e poidamos conseguir que en 2022 este expediente estea finalizado e este servizo poida ser prestado por esta Administración.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para o portavoz do BNG, señor Arroxo, perdón, portavoz do Goberno.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Ola, bo día. Grazas de novo.

Nós evidentemente pois dicía antes Carballo, descubriu que eramos nacionalistas, tamén somos de esquerdas, por se acaso non se dera conta.

Entón, fomos sempre defensores dos servizos públicos e cremos ademais que esta Administración debe apostar por eles como así aposta este Goberno. Pero o que non se pode facer son trampas, iso é o que hai que ter en claro, porque aquí nesta proposición basicamente o que hai é o que se lle está a pedir a unha persoa que está encerrada nunha cela que ten que facer o traballo fóra dela, é o que se está pedindo nesta proposición, porque agora mesmo coa taxa de reposición que temos a día de hoxe non seríamos quen de cubrir todos os postos de traballo que ten o servizo de guindastre. E, oe, iso non o decidimos o Goberno municipal, e Cidadáns aí non é inocente, Cidadáns aprobou taxas de reposición do 50% cando xa viñan de períodos moi mermados; lembremos por exemplo as taxas de reposición do 10% de Mariano Rajoy, ou como foron desmantelando todos os servizos públicos.

Hai servizos neste Concello, e poño por exemplo ademais o bo labor do servizo do cemiterio, podería poñer moitos, onde se mantén sendo un servizo público precisamente grazas a que os traballadores tamén están facendo ese esforzo de que se manteña como servizo público. E ogallá puidésemos avanzar moito máis nisto, coas taxas de reposición que temos agora mesmo sería saltarnos a lei. E creo que, Olga, o teu compañeiro acaba de dicir hai un momento que o que non se pode facer nunca é saltarse a lei, e que eu creo que defendedes, se non me equivoco. Pois iso é o que temos sobre a mesa, ampliemos a taxa de reposición e nós seremos os primeiros evidentemente en defender que se poida municipalizar este servizo e outros moitos, asegúrovolos. Agora, se nos tedes pesados nunha cela e non podemos saír dela, dificilmente imos poder cambiar isto.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. E quenda agora para a portavoz do Partido Popular.

- **SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL:** Grazas, alcaldesa.

Antes de comezar coa miña intervención gustaríame facer unha pequena enumeración de feitos que lle encantarán a Rubén Arroxo, supoño; entón imos aló: 7 de setembro de 2015, Ruben Arroxo como voceiro do BNG asina unha moción para o Pleno na que se pide municipalizar o servizo de guindastre, moción aprobada, pero non tivo o apoio do PSOE. Maio do 16, este grupo defende unha

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

iniciativa para levar a cabo os estudos necesarios para o mesmo, servizo de guindastre, moción que tivo o apoio do BNG e a abstención do PSOE. Xuño do 19, certifícase o Goberno de coalición do PSOE do BNG e que Rubén Arroxo esquece todo o que pedía sobre municipalizar o guindastre, bueno... Realmente esquece moitas máis cousas que defendía ata hai pouquiño. Vemos que co paso do tempo a moqueta vai cambiando a xente, pasamos de criticar as privatizacións a poñelas en marcha ou a ser o cómplice necesario.

Digo isto porque estou segura de que unha parte do Goberno dirá que non privatiza, pero eu dígolles que se nas xuntas de goberno se permiten as privatizacións, ti tamén estás a privatizar. Recorden que durante este mandato o BNG nada fixo por defender este acordo plenario que eles mesmos impulsaron en setembro de 2015 e que logo referendaron apoiando outra proposta deste grupo. E por moito que tente esquivar a culpa neste mandato, como xa dixo Olga, en novembro do 19 a Xunta de Goberno aprobou adxudicar o contrato de guindastre a unha empresa externa, e non contentos con isto, en Xunta de Goberno Local en abril do 21, aprobaron a prórroga do contrato. E digan o que digan, pero se din que non privatizan xa lles digo eu que o que están a facer é mentir dun xeito descarado. Este grupo que lles fala xa os instou e de xeito reiterado a dar cumprimento a un acordo plenario para iniciar os trámites necesarios para asumir directamente con persoal e medios municipais o servizo. Que fixeron vostedes? Seguir co el privatizado, repito, pri-va-ti-za-do. Logo seguro que dirán que é o Partido Popular o que privatiza. Pensade unha cousa, este Concello leva máis de 20 anos de gobernos socialistas con complicidade do BNG e cada vez temos máis e máis servizos prestados por empresas externas ao Concello. Fáganse de novo a pregunta, quen privatiza? Se por vostedes fora, privatizarían ata o Pleno do Concello. Seguro que agora dirán que foi un Goberno do PP o que privatizou este servizo municipal no Concello de Lugo, pero tamén acusaron vostedes o PSOE; ven, e leo textualmente para que non haxa dúbidas: "foi o PSOE quen levou ao máximo grao de sospeitas as peores prácticas que se poden dar dende unha Administración pública non relativo á concesión de contratos con empresas privadas". Incluso se permitiu o BNG a licenza de dicir, sigo lendo textualmente, "agora é o momento de dar o primeiro paso para devolverlle este Concello a xestión pública de servizos que no seu día foron privatizados. A remunicipalización do servizo de retirada de vehículos pode ser un primeiro paso para despois continuar avanzando na recuperación de servizos..."

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, finalizou o seu tempo. Iniciamos a segunda quenda. Minuto e medio para o grupo proponente.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señor Arroxo. É vostede un auténtico demagogo, e voulle a explicar o porqué: 2016, taxa de reposición 50%; 2021, taxa de reposición 100%. Vaia contar milongas a quen llas queira escoitar. Estamos falando de iniciar un expediente de municipalización para que en 2022 se poida iniciar este expediente, que ao mellor ata ese expediente nos di que se pode prestar moito mellor e custando menos sendo prestado por unha empresa. Non queren inicialo,

por que?, porque o que vostedes prometen en campaña olvidáselles cando tocan poder, porque hoxe vostede é unha auténtica decepción e unha auténtica vergoña para moitos lucenses que nos cremos que defendería o que vostede prometía, o que descaradamente criticaba a este Goberno socialista no anterior mandato e quería sacarles as cores. As cores hai que sacarlas a vostedes unha e outra vez, demagogos, populistas, unha auténtica decepción e unha auténtica vergoña. Cumpran o que prometen, iniciamos os expedientes, soamente queremos recuperar ese servizo. Se non, fáganos un favor a todos os grupos da oposición e tamén a todos os lucenses, manteñan a boca calada, porque o único que están a facer e manter os seus intereses partidistas que pensan que lles manterá algún rédito político, rédito político que só e unicamente serve para manter os seus postos de traballo, porque a vida fóra da política debe ser moi mala e moi fría.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Goberno, o señor Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Olga, viñécheste tan arriba que só che faltou dicir que votaras ao BNG e que agora estabas defraudada. Foi a única frase que quedou sobre a mesa.

E, efectivamente, no 2017 houbo unha taxa de reposición do 50%, de cada 2 persoas que se xubilaban só se podía cubrir un posto, no Concello xubilouse bastante xente. Pero é que nos anos anteriores chegou a habela do 10% e agora é do 100, pero é que agora temos que estar parcheando todo o que durante eses anos quedou baleiro; só temos, e non o digo eu, estádelo dicindo os propios grupos da oposición, só hai que dar un paseo polos edificios municipais e ver como están os servizos, e ver como se teñen que fraguar as cousas, como hai atascos en determinados servizos precisamente porque non hai persoal para podelo levar a cabo. Home, iso agora poderedes dicir que non nesta moción, pero levámolo falando pois durante moito tempo.

E quen aprobou esa taxa de reposición?, porque mentres Partido Popular, Cidadáns e tamén o BNG pediamos no seu día a municipalización do guindastre, Partido Popular e Cidadáns en Madrid poñían taxas de reposición do 50%, entón xa impedían poder levar adiante estes servizos. E agora é do 100%, efectivamente, pero é que agora o primeiro que haberá que facer é recuperar toda a desfeita que houbo provocada por detrás, é que non nos queda outra, non nos queda outra, porque ben sabemos como están determinados servizos, ben sabemos como está Rexistro, ben sabemos como están Servizos Sociais, ben sabemos como está Enxeñaría, é a realidade, esa é a taxa de reposición que tivemos durante todos estes anos. E os números, como son números, non podemos enganar a ninguén con iso.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para o portavoz do Partido Popular, a señora Sánchez.

- **SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL:** Ben, como non me deu tempo antes de finalizar cando estaba lendo isto de 2015, pois sigo dicindo que o resultado de que Rubén

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

Arroxo entrara no Goberno municipal é levantar a man para manter o servizo privatizado. Agora a ver como llo explican á cidadanía. Trátase dunha proposta de acordo que hoxe trae Cidadáns, pero que no seu día xa presentou e defendeu este grupo e non esquezamos que foi o BNG o que instou o Pleno a municipalizar o servizo de guindastre. É Rubén, quen ten que explicar os motivos que tivo hai 6 anos para pedir a municipalización do guindastre e 4 anos despois votar a favor de dar este servizo a unha empresa privada, será o momento de recordalo.

Si que lle recordo que era o propio señor Arroxo e o BNG os que falaban de recuperar servizos para a xestión directa por parte deste Concello, e no que levamos de mandato xa perdemos a conta dos servizos que privatizaron entre PSOE e BNG. E, Rubén Arroxo, estás utilizando as escusas no Goberno que non utilizabas cando estabas na oposición, así que lembra iso, que non hai tanto, dous anos.

Graciñas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o grupo propoñente, 30 segundos, señora Louzao.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Cunha taxa do 50% o Bloque Nacionalista Galego presentou esta proposta en 2015; non só iso, senón que tamén presentou a remunicipalización do lixo, e iso na oposición. Señor Arroxo, de verdade, manteña a boca calada. Vostedes o que pasa é que son máis de proclamas e de pancartas que de feitos, isto é a verdadeira realidade e non o pode negar, diga o que queira pero os feitos son os feitos e hoxe outra vez volve a ser un auténtico incoherente cunha falta absoluta de principios e de cumprir o que promete.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Máis aló das vontades de cadaquén, evidentemente sempre se trata da responsabilidade de gobernar, e de gobernar unha cidade como é o obxectivo e a encomenda que temos os membros do Goberno. Pero aquí fíxose moita oda tamén a esa taxa de reposición agora do 100%, que partiamos do 50%, e haberá que dicir quen a puxo no 50%, o Partido Popular, quen a devolveu a ese 100% e con aras de seguir mellorando e de que nos poidamos novamente autoxestionar desde as entidades locais, e quen puxo esa taxa de reposición a día de hoxe ao 100% foi o Goberno estatal do Partido Socialista. Pasamos a votar a proposta de Cidadáns.

9/100 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 209/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA PARALIZAR AS OBRAS DO CARRIL BICI EN TANTO NON HAXA UN ESTUDO DAS ALTERNATIVAS DE APARCAMENTO Á VECIÑANZA (EXP. 2021/G004/000546).-

Vista a citada proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 209/2021 de Rexistro de Pleno, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada favorablemente na Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de

Mobilidade e Infraestruturas Urbanas do 17 de xuño de 2021, do seguinte teor literal:

“Ante as importantes molestias que se están a causar aos veciños coa posta en marcha do carril bici de xeito totalmente improvisado e sin ter un estudio previo que ofrezca alternativas de aparcamento para todas as prazas retiradas aos veciños, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita que se suspenda temporalmente a posta en marcha da iniciativa ata que se busquen alternativas de estacionamento e se expliquen aos veciños.

Cómpre recordar que en algunhas zonas nas que, pola tipoloxía dos edificios, moitos deles non teñen garaxes, a posta en marcha dun carril bici supón un enorme perxuízo para os veciños e tamén para os negocios alí ubicados.

A realidade é que esta situación era perfectamente previsible pero a improvisación do equipo de Goberno e a ausencia previa de consulta á veciñanza xerou unha situación complicada en varias zonas da cidade.

Non se pode alegar que se trata simplemente da reticencia aos cambios de parte da veciñanza, hai erros que son evidentes, polo que é preciso rectificalos.

Pero ademáis da falta de alternativas ao aparcamento a ubicación do carril bici é, nalgunhas zonas, perigosa para os usuarios do mesmo.

Si se pretende unha convivencia harmónica entre os peóns, os ciclistas e os conductores é clave que a implantación desde tipo de medidas se fagan co máximo consenso posible, doutro xeito xerará recelos que farán que fracase.

Os veciños non poden ver o carril bici como un elemento que únicamente elimina os aparcamentos e lles complica a vida para que o usen uns poucos cidadáns.

E os usuarios non poden chegar á conclusión de que o carril bici é un perigo para a súa seguridade porque nese caso convertirse nun mero elemento decorativo.

Outras iniciativas para fomentar o uso da bicicleta que puxo en marcha o Concello de Lugo resultaron un sonoro fracaso. Os lucenses non podemos permitirnos outro fracaso como os anteriores porque suporía desterrar o uso da bicicleta por moito tempo, por iso é preciso que as decisións que se adopten teñan o maior consenso posible.

O Grupo Municipal do Partido Popular está a favor de cantas iniciativas se poñan en marcha para fomentar o uso da bicicleta, pero teñen que ser decisións meditadas. Teñen que ser medidas pensadas que non creen problemas de xeito gratuito e se convirtn en meras iniciativas cosméticas.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

Que se paralicen as obras do carril bici en tanto no se estudien os problemas que está a causar coa eliminación de aparcamentos en zonas do entorno de Marqués de Ombreiro, Barrio de A Residencia... e se garanta o mantemento do aparcamento ou a proxección de alternativas, así como os

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

problemas de seguridade para os usuarios que pode representar nalgunha zona.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** 3 minutos para o portavoz do Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa, de novo.

Miren, o Partido Popular e este grupo municipal sempre estivo a favor de avanzar na humanización e no calzado do tráfico e de que se constrúan espazos para peóns e ciclistas; polo tanto, esta iniciativa non vai en contra de que na nosa cidade se poidan deseñar e construír espazos seguros para os ciclistas. O único que pretendemos con esta iniciativa é que se paralice a construción dese carril bici que se está a construír nunha parte da nosa cidade por tres motivos fundamentais:

Primeiro, non se dá ningunha alternativa aos problemas de estacionamento e aparcamentos que se está a xerar nestas zonas, elimínanse máis de 300 prazas de aparcadoiro, e recórdolles que moitos dos edificios destas zonas, pola súa tipoloxía, non teñen garaxe.

En segundo lugar, existe un problema de seguridade tanto para ciclistas, condutores e peóns, vostedes déanse unha volta por esas rúas. Ademais, existe unha dificultade de acceso a moitos garaxes e crea inseguridade aos propietarios, e o mesmo sucede con zonas de carga e descarga.

E todo isto por non falar do dano que se está a producir na imaxe e nos servizos de determinadas rúas, por exemplo, Xermán Alonso, aínda que o outro día a señora Alvarellos a verdade que nos deu unha lección do léxico do máis alto nivel dicindo que as árbores desas rúas non se eliminaban senón que se trasladaban a outras zonas da cidade. Este é o verdadeiro talante deste Goberno.

A realidade é que esta situación era perfectamente predicible, pero a improvisación da señora Méndez e do señor Arroxo e a ausencia de consultar a veciñanza, ademais de descoñecer as zonas, foi o que xerou esta situación tan

complexa e complicada. Aquí quero recordarlle ao señor Fernández que non se pode ir a unha reunión cos veciños para dicirlles que os problemas só son reticencias e que son as mesmas reticencias que xurdiron cando se peonalizou a rúa da Raíña. Bueno, algo aprendemos e polo menos recoñecen que se algo se avanzou na peonalización nesa cidade foi grazas ao Goberno do Partido Popular.

Miren, este proxecto todo o mundo sabe que ten moitos erros e, polo tanto, é preciso que se rectifique. Se se pretende unha convivencia harmónica entre peóns, cidadáns e condutores, hai que buscar o máximo consenso posible e vostedes desde logo que polo momento non o buscaron. O carril bici non se pode percibir como un elemento que vai dificultar a vida dos veciños e veciñas por onde pase, tampouco debe ser un simple elemento decorativo. Se é así, será un novo fracaso, como foron outros anteriores que pretendían fomentar o uso da bicicleta. E, repítoles, o Partido Popular está e estará a favor de cantas iniciativas se poñan en marcha para fomentar o uso da bicicleta, pero teñen que ser decisións meditadas e, desde logo, estudadas.

Nada máis, grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZA ALDARIZ:** 1.226.979,23 céntimos en concepto de execución de proxecto; 7.502 euros para o estudo dos puntos singulares e realización dunha montaxe para cada barrio ou zona do proxecto comparando a situación actual coa futura e incluíndo infografía. 35.695 euros do contrato dirección de obra e dirección de execución material e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras do carril; 1.573 euros para a elaboración e impresión sobre material rixido dun plano de grandes dimensións co itinerario das vías ciclables; 4.840 euros para elaboración dun vídeo que conteña os cambios a introducir coa execución das obras das vías ciclables; 2.323,20 euros para deseño e impresión do folleto coa información do carril. En total 1.278.912,43 euros é o que vostede, señora Méndez, leva dedicado este proxecto do carril bici, un proxecto ambicioso de máis de 15 km para potenciar o uso da bicicleta na nosa cidade, como se a bicicleta só se potenciara creando un carril bici.

Cando en 2018 presentaba esta actuación, 2018, dicía que estaba definido con criterios de seguridade e comodidade, ou tamén da menor afectación da configuración das rúas afectadas. Hoxe podemos dicir que menos mal, porque como sería se fose doutro xeito. A realidade da execución do proxecto amosa un claro descoñecemento das rúas polas que transcorre, da afectación do tráfico diario e tamén das prazas de carga e descarga, da perda de prazas de aparcadoiro en rúas onde xa por si son escasas, da inseguridade viaria que xera ao non quedar espazos suficientes entre os coches aparcados co carril bici e os viandantes, e tamén a eliminación de árbores dalgunha delas; non, perdón, do transplante das árbores dalgunha delas, que lle agradecería á señora Alvarellos que, cando os transplante, nos indique onde os vai colocar porque moito dubido que sexa realmente así. Máis de 1.200.000 euros para un proxecto que está a causar máis

inconvenientes que vantaxes e que está a provocar nos veciños afectados moito malestar polas consecuencias negativas que carrega.

Hai unhas semanas desde o noso grupo pedimos a paralización deste proxecto para abrir un período de revisión do mesmo, analizando os aspectos negativos, moitos deles constatables a simple vista e tendo en conta as apreciacións e aportacións dos veciños polos que pasa. Un proxecto que sen dúbida vai modificar a mobilidade e a configuración viaria dunha cidade na que ademais se dedica unha cantidade tan importante de recursos públicos merece unha actitude de escoita, cando menos, e unha análise exhaustiva do mesmo para evitar erros que máis tarde serán dificilmente salvables. Non debería planificarse e moito menos executarse de xeito illado, sen ter en conta outros aspectos que lle afectan. Non é posible levalo a cabo sen ter prevista a mobilidade que se quere para o futuro, e por desgraza estamos comprobando como tanto vostedes como os seus socios de goberno están presentando distintas actuacións que afectarán ao tráfico e á mobilidade da cidade do noso presente e tamén do futuro que parece máis ben unha carreira para ver quen acada o maior titular ou a maior repercusión e non o resultado dunha coordinación e dun consenso de proxecto de cidade. Polo tanto, estamos de acordo en paralizar esta execución para avaliar as deficiencias ou carencias que se están a detectando no mesmo. Non pode plantexarse a cidade como un reparto de áreas...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Goberno, señor. Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Si, moitas grazas alcaldesa, bo día de novo a todas e a todos.

O señor Carballo vén aquí cunha estratexia perfectamente deseñada, tratando de trasladar a idea de que o proxecto do carril bici é algo improvisado, incluso pois permítese tachalo de mero elemento decorativo, como acaba de suceder.

Poñer en marcha un carril de 15 quilómetros que une oito barrios da cidade entre si e todos co Miño rachando dunha vez coa descontinuidade que existe entre a cidade e o río parécelles decorativo. En fin.

Pois xa lles digo que nin se trata de ningunha ocorrencia, nin é froito da improvisación, nin moito menos adoce de falta de estudo ou de reflexión; obedece a unha decisión firme e meditada e rigorosamente analizada, de implantar un novo modelo de cidade baseado na mobilidade, na sustentabilidade, por certo na liña de todas as cidades europeas modernas e dos postulados que defende a Unión Europea e todos os expertos internacionais, porque nós desde logo non estamos disposto a que Lugo perda a oportunidade de avanzar.

A verdade é que o Partido Popular non se opón ao carril bici por presentar presuntos problemas na execución do proxecto, como por outra parte pode pasar con calquera outro, vostedes opóñense a calquera iniciativa por innovadora e beneficiosa para a cidade que resulte se con iso barruntan acadar algún tipo de rédito electoral por escaso que sexa. Esa é a realidade. Pero, miren, por suposto

que imos escoitar os veciños e veciñas, de feito estamos en contacto e estámolo facendo, e non dubiden que incorporaremos cantas propostas e demandas se presenten e entendamos positivas e sexan viables, pero dunha cousa si lles estamos perfectamente seguros: é que non imos incorporar nin unha soa proposta do Partido Popular, nin unha soa, e saben por que?, porque vostedes non a teñen, vostedes non teñen ningunha proposta a este respecto, nin teñen tampouco intención de tela nin por suposto de sumar. Como tampouco teñen nin un modelo de cidade que se lles coñeza durante todos estes anos.

Miren, nós estamos convencidos de que estamos sentando as bases do Lugo do futuro, desa cidade sostible, acolledora e verde e con abundantes, onde convivan os diferentes modos de transporte, onde se poida vivir e convivir en harmonía e, desde logo, da que poidamos sentirnos orgullosos. Iso faremolo con vostedes ou a pesar de vostedes.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda, minuto e medio para o Grupo Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Señor Fernández, non se ofenda vostede tanto, non utilice esa prepotencia que non vale de nada, ese é un verdadeiro talante, non o poñía eu a vostede nese talante de nada do que veña, pois mal vamos porque vostedes desde logo que modelo de cidade non teñen.

Miren, o Partido Popular vai apoiar toda iniciativa que vaia en fomento da bicicleta, a pesar de que a vostedes lles doa. Pero o Partido Popular desde logo está en contra desta desfeita que están vostedes a poñer nunha parte da cidade. Escoiten os veciños, e pásense por esas zonas, non digan que van pasar agora, xa debían ter pasado antes, pero aínda están a tempo de arranxar ese despropósito tanto no deseño como no trazado.

A verdade é que este tema a vostedes, ao Partido Socialista, estaban co el bastante tranquilos, incluso penso que non lles importaban esas críticas, pois eran coñecedores de que moitas desas críticas ían contra o señor Arroxó e o BNG, pois a verdade é que moitos veciños, e así nolo transmitían, dicían que esa tiña que ser unha ocorrencia do BNG e non entendían como a señora Méndez se metía nese lío. Pero, claro, o problema é que vostedes tiveron que dar a cara cos veciños e aí xa se lles viu o careto. Si de verdade queren vostedes que os lucenses utilicemos as bicicletas, aproveiten que nestes momentos que a maioría das rúas xa están a 30 por hora e iso nos permite que se faga un estudo...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas e segunda quenda para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señor Fernández, ánimoo a que percorra esta xincana na que se converteu o carril bici, porque, de verdade, será un momento agradable e poderá sorprenderse. Non sei como sería este carril bici no papel, con

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

tanta infografía, vídeo, pancartas, pois ao mellor quedaba moi bonito, 1.200.000 euros para o deseño do carril bici, non sería desdeñable que non quedara ben, quedaría de forma moi positiva para ensinar á cidadanía, pero a realidade é que a día de hoxe é un auténtico..., xa non sei como definilo, unha xincana de obstáculos, unha carreira de obstáculos poder circular por ese carril bici. Polo tanto, paralicen ese proxecto, escoiten os veciños e fagan as reformas necesarias neste carril bici para que despois non se converta nun carril bici inútil e que non sexa usado por ninguén ciclista.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, e segunda quenda para o portavoz do Goberno, señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Si, moitas grazas.

A min paréceme, señor Carballo, e non quero cansalo, porque anteriormente crin observar por un momento que se aburría, que na súa réplica hai moita demagogia e unha boa dose de mentira. Porque, mire, primeiro en relación ao número de prazas utilizaron erroneamente e a sabendas, conscientemente, os datos do estudo previo en vez do proxecto definitivo, que, por certo, incorpora todos os estudos e análises e cálculos necesarios. E logo 4 anos reunidos mensualmente na comisión de DUSI, na que participa, e nada dixeron. Fixéronse peonalizacións noutras zonas, Soto Freire, A Milagrosa, con perda dalgunhas prazas, efectivamente, aínda que se crearon outras e calaron. Así que aclárense e digan se están ou non a favor de modernizar a cidade, porque se opoñen ás peonalizacións e incorporación con normalidade do uso na bicicleta na nosa cidade si ou non?, porque unha cousa é dicir de boquilla que están a favor e outra o que se ve na práctica, que é poñer atrancos e trabas.

E, miren, o que é máis grave aínda, paráronse a pensar no seguinte: están dispostos a paralizar o proxecto e perder con iso os fondos europeos e así poñer en risco a percepción destas axudas tan importantes para a cidade para os próximos anos?, están dispostos a facelo? Cal é a alternativa que propoñen neste caso? Mire, nós claro que tomamos medidas en relación...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, finalizou a súa quenda; 30 segundos para o grupo propoñente.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Señor Méndez, non se peche vostede en banda e recoñeza que este proxecto tal e como está é inviable. De verdade, fale cos veciños, porque vostede ademais coñece os veciños de alí, porque vive por esa zona onde se está deseñando agora ese proxecto.

Eu xa sei que vostede non ten idea do que foi ese proxecto, porque ademais levou o outro día dúas funcionarias, dúas traballadoras municipais para que foran elas as que defenderan o proxecto diante dos veciños, cando elas tampouco foran as que fixeran o proxecto. Non sexa vostede covarde...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Creo que a proba máis constatable do que dicíamos cando rexeitabamos seguir con esa comisión de seguimento do Programa Muramiñae, dos EDUSI, é precisamente esta. Porque ese proxecto que se tratou nunha comisión, ese proxecto que se falou despois de presentar os estudos alternativos, se concretou nun proxecto que se aprobou, primeiramente por Europa. Polo tanto, falar de improvisación cando xa non só ten o beneplácito de Europa dende o ano 16, que é o momento no que nos conceden este proxecto, senón despois cada unha das unidades de expresión que hai que facer para cada un dos proxectos que vén avalado porque é de Europa, pois evidentemente é ter un descoñecemento total e absoluto, non só deste proxecto, que deberían coñecer, porque é a súa obriga tamén facer un control e fiscalización do Goberno e polo tanto é a obriga que deberían coñecer xa este proxecto e non agora facer espaventos porque poida haber deficiencias, que son lexítimas e lóxicas, que nós escoitamos e atendemos os veciños, como non pode ser doutra maneira. E, de feito, por iso tamén se propuxeron xa aparcamentos alternativos na zona e seguiremos a estudar para darlle cobertura ás distintas necesidades que nos plantexen os veciños. Pero de verdade que falar de improvisación e de descoñecemento ou, como acaba de dicir o señor Carballo, este proxecto que se está deseñando. Non, está deseñado pero desde hai xa anos, e reitero, vostede desde hai dous debería coñecelo, pero os seus, algún compañeiro de bancada debería coñecer ben este proxecto, porque, xa digo, se tratou o estudo de alternativas, se tratou o proxecto definitivo e aprobouse en Xunta de Goberno, foi previo ao ok de Europa e, polo tanto, falar agora tamén de paralización e ata poñer en risco, non só o custo total desta inversión do carril bici, senón incluso os propios fondos europeos e a propia estratexia Muramiñae. Polo tanto, a responsabilidade á hora de gobernar ten que estar por riba de todo e primar por riba de todo.

Vamos proceder a votar a proposta do Partido Popular.

10/101 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 210/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REVISIÓN DAS NOVAS LIÑAS, IMPULSAR A GRATUIDADE DOS TRASBORDOS DE BUS ASÍ COMO A GRATUIDADE DO SERVIZO PARA MENORES, XUBILADOS E PERSOAS DE ESCASOS RECURSOS (EXP. 2021/G004/000547).-

Vista a devandita proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 210/2021 de Rexistro de Pleno, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada favorablemente na Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e de Infraestruturas Urbanas do 17 de xuño de 2021, do seguinte teor:

“Ante a entrada en vigor das novas liñas de transporte urbano o pasado 1 de xuño e as numerosas queixas que se están a producir por parte de cidadáns que agora se ven obrigados a facer trasbordos para facer desprazamentos que antes facían nunha única viaxe, co incremento de custo que conleva, o Grupo Municipal do Partido Popular propón poñer en marcha unha serie de medidas sociais que

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

compensen os citados incrementos.

Pero á vez, si se pretende fomentar o uso do transporte público é necesario facelo atractivo para a maior parte de colectivos.

Con ese obxectivo, propoñemos a gratuidade do servizo para os menores de 18 anos, parados, xubilados e familias con escasos recursos e, á vez, a gratuidade dos trasbordos para todos os usuarios de xeito que se poida intercambiar de liña sen incremento de custo, e deste xeito dar unha alternativa seria e real para os desprazamentos na cidade.

En todo caso e como a posta en marcha da reforma do servizo xerou numerosas queixas en numerosos barrios e parroquias de Lugo, instamos a urxente convocatoria da mesa do transporte de xeito que se poidan abordar na mesma os problemas detectados e propoñer melloras para resolver aqueles que se poida, de xeito que se dea resposta ás necesidades reais dos cidadáns.

Xa por último sería desexable contar cunha APP móvil para planificar as rutas e poder ver en tempo real onde se atopan os autobuses, o que sen dúbida permitiría incrementar o uso do transporte colectivo, sobre todo en determinados colectivos como a mocidade. Proponse deste xeito unha aplicación informática máis completa e ambiciosa que o código QR facilitado ata o de agora polo Goberno Municipal.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Que se aprobe e poña en marcha de xeito inminente a gratuidade do servizo de bus para os xubilados, menores de dezaioito anos e familias de menos recursos.
2. Que se aprobe e poña en marcha de xeito inmediato a gratuidade dos trasbordos para todos os usuarios.
3. Que se poña en marcha unha APP móvil que permita, entre outras prestacións, coñecer en tempo real a ubicación dos buses e planificar as rutas.
4. Que se convoque de xeito urxente a Mesa de Transporte para estudar e dar solución ás queixas e problemas surdidos en barrios e parroquias de Lugo trala reordenación do transporte.

Visto, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, número 220 de Rexistro de Pleno, que foi rexeitada polo Grupo Municipal do Partido Popular, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de

Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos co grupo propoñente, tres minutos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa.

Ten razón a señora Méndez cando di que coñeciamos ese proxecto dende hai anos, por iso dende hai anos levamos advertindo aos veciños de que vostedes lles queren quitar 400 prazas de estacionamento no barrio da Residencia, levamos anos, como digo, tamén manifestándonos na súa contra.

A verdade é que estou preocupado co ton que está collendo este Pleno, porque o Bloque Nacionalista Galego está quitando a careta cando se fala dos golpistas cataláns, e agora acábao de traizoar o subconsciente ao señor Fernández, cando di que non vai ter en consideración ningunha proposta que veña do Partido Popular, nin sequera as vai estudar. Acáballes de saír esa vena máis rancia, máis totalitarista e máis prepotente, que é o que son este bigoberno, moi especialmente a parte do Partido Socialista. Por iso gustaríame que esta proposición fose algo máis conciliadora e que realmente teñan unha mínima vontade de mellorar a situación dos lucenses e de escoitar o que lle di o Partido Popular, o que lle di o resto da Corporación e o que din tamén por suposto os veciños Lugo.

Vostedes levan 5 anos para reestruturar o transporte urbano, levamos 5 anos agardando a que se puxeran a traballar. Puxéronse a traballar, é certo que hai que agradecerlle ao señor Arroxo que convocase a mesa de transporte, pero simplemente para dar conta do que facían, porque realmente, a pesar de que podemos propoñer ideas dende os grupos, realmente, como dicía Miguel Fernández, non se tiveron en conta a maior parte delas, a maior parte delas foron ao lixo, algunhas si, pero a maior parte foron ao lixo. Se fora polo señor Fernández, nin sequera se molestaría en ler o papel e tiraríao á papeleira directamente, como adoita facer a parte socialista deste Goberno.

Bueno, pois efectivamente boa parte foron ao lixo e ao final a conclusión é que esta reestruturación do transporte urbano o que está provocando é que case todos os barrios e parroquias de Lugo están en pé de guerra. Bueno, hai problemas en todos os barrios por iso queremos que se convoque de novo esa mesa de transporte e queremos poñer solucións. Por exemplo, en Conturiz teñen problemas para acceder ao seu centro de saúde de referencia, para acceder aos institutos, aos que van aos seus nenos. En Castelo retiráronse paradas poñéndooas en puntos realmente perigosos, algo que hai que subsanar para seguir dando servizo aos veciños de Castelo, e tamén revisar a liña que dá acceso ao barrio para mellorar

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

tamén as súas voltas. En Albeiros teñen problemas para acceder tamén ao HULA. Na Residencia e na Fonte dos Ranchos para acceder á Universidade... En definitiva, hai queixas en todos os barrios e usará de escusa o señor Arroxo que non ten quilómetros pero hai moitas liñas nas que se poden recortar quilómetros porque hai recorridos absurdos e voltas que son innecesarias e que se poden corrixir.

É necesario convocar esa mesa de transporte para dar resposta aos veciños de Lugo, se é que queren escoitar, porque o señor Fernández deixou claro que non quere, que van seguir coa súa machada vaia a onde vaia e que o PSOE vai impoñer o seu criterio. Pero tamén é necesario impoñer e poñer dunha vez por todas a gratuidade nos transbordos públicos, porque quen lles fala e outros concelleiros para poder ir, por exemplo, dende Albeiros dende a rúa Fisterra ao cemiterio pagamos tres billetes de transporte integramente; en pleno século XXI non é de recibo ter que pagar o transbordo para cambiar entre liñas nun transporte urbano do século XXI.

É necesario ademais aplicar a gratuidade para os menores de 18 anos, xubilados, pensionistas e persoas con escasos recursos porque está aprobado neste Pleno...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

Pues, efectivamente, este tema está trayendo, trae consigo que en Lugo agora mesmo haya cierta perturbación con la movilidad y es normal. También tenemos que ser sinceros, que la puesta en marcha de un servicio siempre va a traer consigo dificultades a la hora de que la gente se adapte, hay que aprender quizás nuevas rutas, hay que adaptar los hábitos de vida a las nuevas rutas, a los nuevos buses, quizás también en algunos casos a las nuevas paradas. Pero sí es cierto que creemos que después al menos este grupo municipal y después del contacto con numerosas asociaciones de vecinos, creemos que hay cierto clamor en cuanto a que existen problemas generalizados en toda la ciudad y creemos que es una buena oportunidad por parte del Ayuntamiento y del Gobierno local para tratar de solucionar esas cosas.

Es decir, ahora mismo no se pretende al menos por ahora exigir responsabilidades desde el punto de vista de la eficiencia, al menos ahora; se acaba de implantar un nuevo servicio, creo que todavía se está a tiempo de mejorarlo, pero se debe escuchar a la gente, se debe tomar en consideración las quejas que existen, que por otro lado, como decimos, creemos que ayuda al propio Gobierno a crear un servicio más eficiente y que realmente cumpla con esas necesidades. Creemos en esa forma de hacer política, creemos que hay que escuchar a la gente y sí que es verdad que nos gustaría destacar algunas de esas quejas porque en estas reuniones creemos que algunas de las necesidades que se nos trasladan creemos que son de muy fácil respuesta o de muy fácil solución, como puede ser en el Carqueixo, que nos dicen que faltan conexiones o que la

parada está en mal estado, algo que pasa a lo largo de toda la ciudad y que creemos que es fácil solucionar. En el barrio del Puente también nos dicen que hay una falta de conexión con el centro o con el barrio de La Milagrosa. Sí que es cierto que, si efectivamente esa conexión dependiera de un transbordo, compartimos con el grupo proponente que ese transbordo debería de ser gratuito. En La Tolda nos dicen que las conexiones existentes hacen inútil el servicio. En Albeiros que no tienen conexión con el HULA. En Montirón que están las marquesinas, otra vez también la misma queja, muy deterioradas. En la Abella critican la pérdida de conexión con el campus, hay estudiantes afectados. En Paradai hay conexiones ineficaces que necesitan otros horarios. En la Campiña también muy importante, porque hablan de la falta de conexión con los centros educativos. Y bueno, luego en Milagrosa, Sagrado Corazón, Fontiñas, que se quejan por la falta de conexión con el instituto, polígonos, centros sanitarios... Creemos que toda esta información debe ser tenida en consideración por el Gobierno municipal porque todavía estamos a tiempo de...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Goberno, o concelleiro de Infraestruturas.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas de novo.

Eu antes de nada quixera dicir, xa o dixen máis veces, creo que a mesa de transportes foi posiblemente nestes 6 anos nos que levo de concelleiro no sitio no que máis a gusto me atopei traballando, porque creo que foi ademais onde se puido debater dunha forma bastante rigorosa, teño que dicilo, por parte de todas e todos os que alí estabamos, e dunha forma moi construtiva. Por iso tamén me sorprende a frase de que se tiraron propostas ao lixo, eu creo que se intentaron levar todas adiante e a única que non foi posible foi o caso de, se non lembro mal, o caso de poder levar o bus de Bóveda ata Coeo porque non había non daba tempo material a que puidese facer esa liña e ademais tiñan unha explicación técnica, non foi unha cuestión de vontade.

Pero si que hai que ter en cuestión varias cousas. Nós presentamos esta emenda para igualar o que foi o acordo que houbo noutro momento, porque nós non estamos de acordo con que teña que ser gratis para todos os pensionistas, por exemplo, eu creo que hai que debatelo. Por que para un pensionista con pensión máxima vai ser o billete gratis e para un traballador con salario mínimo e tres fillos vai ter que pagar? Eu creo que debemos guiarnos por outros criterios e ademais tendo en conta que Lugo é a cidade co bus urbano máis barato das cidades galegas e, se non se me equivoco, a terceira máis barata das capitais do Estado; polo tanto, non é o problema de prezo de Lugo, que se pode mellorar, estou de acordo que os transbordos na revisión de prezos deste ano teñen que ser gratuítos e se así o acordamos entre todas e todos, que creo que non vai haber problema, pero non é ese o problema.

Chámame a atención, e agora vendo a explicación de Juan Vidal de que se está creando unha certa confusión. É normal que haxa confusión cando se fai un cambio deste tipo, pero nós como responsables públicos non podemos alimentala.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

Dicía Juan Vidal que o Barrio da Ponte non tiña conexión co centro, ten cada 15 minutos conexión co centro; que o barrio da Milagrosa non tiña conexión co centro, ten 8 vehículos que van ao centro, incluso chegan a Ramón Ferreiro, a pesar de que nestes días tamén se dixo que non tiña conexión con Ramón Ferreiro, e hai 8 vehículos que van do barrio da Milagrosa ata Ramón Ferreiro. Que Albeiros non tiña conexión co HULA, creouse unha nova parada que antes non existía no barrio do Albeiros, na zona da Croa, onde para o bus 1.2 e 1.4 que van ao HULA. Que a Tolda non ten conexión co centro, o bus da Tolda, o 3, a cada media hora para en Sindicatos. Que Paradai non ten conexións co centro, ten cada 30 minutos un bus que o conecta co centro. Que Fontiñas perdeu conexións, non, Fontiñas tiña só o bus 6 e 10, agora ten os dous 3, o 1.3 que o leva ao Ceao, que antes non o levaba, ten o bus ademais o 5 que o leva ao HULA, que pasa cada 30 minutos; Fontiñas pasou de ter dous buses cada hora a ter cinco.

Entón, creo que estamos caendo nunha campaña de confusión que o que precisamente está prexudicando é o transporte público e, se queremos apostar por un transporte público eficaz nun momento no que ademais xa hai a propia confusión do cambio, os propios cargos públicos temos que ser rigorosos.

E por certo, eu estou totalmente de acordo en convocar a mesa de transporte...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas e segunda quenda para grupo propoñente, para o Partido Popular, minuto e medio.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Totalmente de acordo co que di Rubén Arroxó de que foi un espazo de traballo, pero tamén teño que recalcar que efectivamente moitas propostas foron ao lixo, a proba máis evidente é que desde o minuto un lle propuxemos os transbordos gratuítos e a día de hoxe séguense pagando os transbordos. E o mesmo coa gratuidade, que estou de acordo, e estamos de acordo tamén con que ao mellor ten que ser progresiva e que hai que estudar en función tamén da renda dos pensionistas e dos xubilados, diso non temos ningún problema en chegar a ese acordo baixo ningún tipo de problema, pero que queremos que se aprobe así.

Dende o Partido Popular tamén somos conscientes de que os cambios de tráfico pasa un tempo ata que a cidade se afaga a eles, de feito fomos moi prudentes na adaptación, nin sequera a criticamos os primeiros días porque eramos coñecedores ou somos conscientes de que se ían xerar problemas e que a xente ten que adaptarse. Pero é certo tamén que nestas semanas estamos vendo como zonas e estas modificacións tamén hai que corraxir cousas puntuais; converteron en ratoneiras lugares que funcionaban ben, Ramón Ferreiro, San Roque, a rolda da Muralla, a rolda do Carmen, son a día de hoxe unhas ratoneiras realmente que provocan numerosos atascos. Haberá que facer pequenas modificacións ou cambios para intentar mellorar esa fluidez do tráfico que tamén afecta ao transporte urbano.

Por iso dende o Partido Popular queremos convocar esa mesa de transporte, queremos falar de todas estas propostas e queremos, sobre todo,

garantir tamén non só dar servizo e resposta ás necesidades dos veciños, senón tamén, como non pode ser doutra maneira, garantir o transbordo gratuíto e garantir esa gratuidade. Que vostedes queren falar de que poida ser progresiva en función da renda, bueno, podemos sentarnos a falalo, non hai ningún tipo de problema, pero isto está aprobado en Pleno, isto está aprobado en Pleno no 2016...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

Pues nosotros, efectivamente, y yo, aunque personalmente no soy usuario del bus urbano, sí estamos probando el bus estos días y nosotros lo que estamos haciendo es recoger esas quejas. Y también nos sorprende que, si realmente todo está tan bien y todas las quejas no existen, no sé qué problema habría en reunirse con la Federación de Vecinos, por ejemplo. Porque, además, escuchamos historias contradictorias, porque nos dice Rubén Arroxo que no le han pedido reunión, en la Federación nos dicen que sí, se han presentado por escrito las quejas. Es decir, al final esto consiste en hacer una política de cercanía, una política de escuchar las quejas, y al final este traslado de información es bueno para el Gobierno municipal desde el punto de vista de que puede mejorar el servicio y acallar todas las quejas que se puedan estar generando.

Por otro lado, compartimos, por supuesto, que la mesa de transporte se pueda convocar y trabajar en ella porque se van a poder afrontar pormenorizadamente todas estas cosas y ver si realmente las quejas que se trasladan puede que alguna no sea lo suficientemente, no sé si decir importante o quizás no tenga una solución fácil, pero creo que el lugar es ese sin duda.

Muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz de Goberno, o señor Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO:** Non hai ningún problema en convocar agora a mesa de transporte de forma inmediata. Se non se convocou agora foi porque de feito na última mesa de transportes que tivemos falamos de deixar funcionar tres, catro meses o transporte público; creo que é algo necesario para tamén poder facer unha análise real, porque sabemos que as primeiras semanas os datos que obtemos non van ser reais, nin as conclusións que poidamos sacar. En todo caso, non hai problema en ter unha agora, outra máis adiante e en poder analizar isto da mellor forma que poidamos.

En todo caso tamén hai unha cousa importante que me gustaría dicir, malia todo, unha vez pasada a primeira semana, que pode ser máis a máis confusa, por primeira vez en anos o mes de xuño tivo máis usuarios que o mes de maio; temos que ter en conta que o mes de xuño é un mes de caída porque paran moitas actividades, escolares, deportivas e adoita haber caída, este ano pois houbo incremento.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

E creo que é moi importante o que vos dicía antes, que non alimentemos a confusión. Están chegando moitas queixas posiblemente porque non se entendeu ben como eran as liñas, e Juan acaba de enumerar varias delas. Como cargos públicos, temos que intentar explicalas, porque, se non, o que estamos é facendo dano ao transporte público, non ao Goberno, todo o contrario, estamos facendo dano ao transporte público. E eu creo que iso é básico, porque agora se enumeraron varias por confusión que non son certas. Entón, iso hai que telo en conta.

E despois, o que dicía ao principio, a emenda que presentamos é a mesma de xaneiro, creo que podemos ir nesa liña, convocamos agora de forma inmediata a mesa de transportes e comezamos a traballar nese asunto.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois última quenda para o grupo propoñente, 30 segundos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas.

Saben que dende o Partido Popular vamos a estar sempre para traballar para os lucenses e para intentar mellorar a nosa cidade por moito que lle moleste ao voceiro do Partido Socialista.

Señor Arroxo, vamos a manter a proposición tal e como está porque é exactamente o mesmo que votou vostede no ano 2016. Entendemos que pisar moqueta non o deba cambiar; por tanto, se hai 5 anos puido votar a favor desta iniciativa, agardamos que hoxe, que ten estas responsabilidades de Goberno ademais nesta materia, poida votar a favor tamén. Por iso mantemos a proposición e prégoles encarecidamente que vote a favor dela se é que quere mellorar o transporte urbano.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois imos votar entón a proposta do Partido Popular, coa rexeita da emenda de substitución

11/102 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 211/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL A FACER A CIRCUNVALACIÓN DO BURGO (EXP. 2021/G004/000548).-

Vista a antedita proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 211/2021 de Rexistro de Pleno, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada favorablemente na Comisión Permanente Ordinaria de Sostibilidade Urbana e Cohesión Territorial do 18 de xuño de 2021, do seguinte teor literal:

“No ano 2016 o pleno do Concello de Lugo acordaba por unanimidade instar á Deputación Provincial a execución do proxecto de ensanche e mellora da CP2901 dende o punto quilométrico 3,3 ata o 5,4.

A estrada de titularidade provincial, que vai dende a LU-232 a Palas de Rei e que transcorre por O Burgo e Vilamaior de Negral, conta cun proxecto elaborado pola Deputación Provincial consistente en ensanchar e mellorar a variante de O Burgo.

Este proxecto iniciouse en abril de 2006 en base a acordos de aprobación do Plan de Obras e Servizos e Plan provincial de Estradas do 2005, nos que figuraba esta obra, acadando a súa aprobación definitiva no ano 2013.

Hai que ter presente que esta obra sacaría tráfico rodado da travesía de O Burgo onde coinciden o Camiño Primitivo e a estrada provincial, e que obriga a convivir a peregrinos con vehículos, maquinaria agrícola e gando, o que xenera múltiples situacións de inseguridade viaria e supón un risco para os usuarios da vía.

Trátase dunha vía cunha alta densidade de tráfico, que comunica Lugo con Friol e Guntín. Se a esto se lle suma que se trata dun tramo do Camiño Primitivo e que estamos ante un ano Xacobeo, que incrementará significativamente o número de peregrinos, fai que esta vía, estreita e de dobre dirección, sexa un embudo que precise de medidas de seguridade. É preciso dotar a esta vía de un paso seguro para os camiñantes e da redución das cunetas, que coa nova capa de asfalto viron incrementada a súa profundidade, dificultando o seu uso para que os peregrinos se podan apartar á beira.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

Que se inste á Deputación Provincial a levar a cabo a construción da variante da estrada CP2901 como alternativa ao paso de O Burgo para mellorar a seguridade do Camiño Primitivo.”

Tendo en conta, así mesmo, a emenda presentada polo propio Grupo Municipal do Partido Popular, número 221 de Rexistro de Pleno, no que se propón engadir a súa proposición un novo punto resolutivo do seguinte teor:

“2.- A raíz das queixas dos veciños das parroquias polas que transcorre a LU2901, instase á Deputación Provincial a realizar de xeito urxente o mantemento e repavimentación do tramo de 7 quilómetros que une nesta estrada O Burgo co cruce de San Román da Retorta.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, co engadido introducido pola emenda presentada, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Que se inste á Deputación Provincial a levar a cabo a construción da variante da estrada CP2901 como alternativa ao paso de O Burgo para mellorar a seguridade do Camiño Primitivo.

SEGUNDO.- A raíz das queixas dos veciños das parroquias polas que transcorre a LU2901, ínstase á Deputación Provincial a realizar de xeito urxente o mantemento e repavimentación do tramo de 7 quilómetros que une nesta estrada O Burgo co cruce de San Román da Retorta.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos con 3 minutos para o portavoz do Partido Popular.

- **MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Bos días. Grazas, señora alcaldesa.

Sen ánimo de ser alarmistas, é necesario poñer solución ao problema de seguridade que hai no Camiño Primitivo ao seu paso polo Burgo, unha zona pola que en 2019, segundo datos oficiais, pasaron uns 15.000 peregrinos, que foron os que selaron a Compostela, pero a cifra estimada podería superar os 35.000, xa que hai peregrinos que pasan por este tramo e por distintos motivos non selan a Compostela.

Queda claro que sexan 15.000, 35.000 ou os que sexan hai que darlle unha solución ao problema do Burgo, xa que nun treito de 2,1 km condutores, coches, peregrinos, maquinaria agrícola e gando teñen que compartir vía nunha zona na que dous coches xa pasan escasamente.

A zona conta cun proxecto de circunvalación que data do ano 2006 e que se ía facer con cargo ao POS do 2005. O proxecto foi obxecto de varias modificacións ata que se aprobou definitivamente despois de varias modificacións no ano 2013, incluso se aprobou por unanimidade actuar nesta zona no Pleno deste Concello en xaneiro de 2016. Tamén a Deputación o aprobou en Pleno, pero pasou o de sempre, non se fixo nada. Porque o PSOE e o BNG do Goberno provincial meteron o proxecto nun caixón e aí está desde entón.

Ben, non se pode faltar á verdade e é certo que neste tempo a única acción que se fixo na zona foi un alquitranado en quente, algo que está ben, pero que ten danos colaterais, xa que leva capa de rodadura, nesta zona non hai arcéns, as cunetas son impracticables e agora os vehículos circulan a maior velocidade, polo que en caso de apuro os peregrinos non teñen onde protexerse. E esta actuación, que xa lle dixen que é positiva, pero ten que acompañarse doutras medidas que axuden a garantir a seguridade e a única medida para fomentar a seguridade no Camiño Primitivo ao seu paso polo Burgo, tal e como recoñece a propia memoria do proxecto, é facer a circunvalación do Burgo. Esta vía foi un foco de problemas e

hai que poñerlle unha solución, xa que o Camiño Primitivo ao ritmo que está a medrar pode xerar un perigo inminente que se debe evitar por seguridade dos usuarios e ata polo bo nome do noso concello.

E como ben sei que no seu discurso para falar desta Administración a culpa de todo, a Xunta de Galicia, xa lles recordo que hai unhas semanas estivo aquí o vicepresidente Rueda comprobando *in situ* a perigosidade do Camiño Primitivo ao seu paso por Carballido. E aproveito para adiantarlles que o compromiso de poñer unha solución a este treito de 1.300 metros que os peregrinos teñen que facer pola beirarrúa da carretera que une Lugo con Ponferrada pronto será unha realidade, xa que a Xunta aprobou e encargou a realización dun itinerario desta zona para garantir a seguridade dos peregrinos.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

Pues, efectivamente, desde este grupo municipal entendemos que esta proposta es una propuesta sin duda interesante y necesaria, porque si uno va a observar la carretera LU P-2901, la verdad es que está en un estado auténticamente lamentable, y entendemos que es una vergüenza, es algo que saca los colores el hecho de que justo al lado del Camino Primitivo pueda estar una carretera en este estado.

Tenemos que recordar una vez más que el Camino Primitivo es Patrimonio de la Humanidad, que es un motor económico, que es un motor, un creador de riqueza; y, al igual que muchas otras propuestas siempre que estas tocan el tema del Camino de Santiago, creo que hay que incidir en la importancia de este camino, sobre todo en el año en el que estamos y en la situación actual económica y social por la que estamos atravesando, no se puede desperdiciar una generación de ingresos y de riqueza como es el Camino Primitivo. Siendo así, cualquier actuación que redunde en mejorar esta vía siempre va a ser positiva y siempre va a tener nuestra ayuda y nuestro apoyo.

La verdad es que existe un riesgo evidente para los transeúntes en esta zona, los peregrinos se ven obligados a sortear vehículos, maquinaria agrícola, porque la zona es muy estrecha, llena de curvas, y con esta actuación que se pretende hacer una circunvalación a la altura de O Burgo creemos que sí se podría solucionar y mejorar el paso, no solo de los peregrinos sino también de los vecinos de la zona, redundando en el beneficio a todos los niveles.

También es muy importante, creemos, en el momento en el que estamos, en el económico desde el punto de vista del Camino de Santiago. Así que esta propuesta tendrá el apoyo de este grupo municipal.

Nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz de Goberno, o señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Moitas grazas. Cando o Partido Popular presenta algunha proposta concreta, desde este grupo municipal e desde este Goberno estudámola sempre con interese, o problema é, como ocorre co carril bici, que non a teñen e ademais simplemente tratan de torpedear. Ás veces incluso as apoiamos, como é o caso desta da circunvalación do Burgo. Como xa fixemos votando a favor na moción que se presentara no seu día neste mesmo Pleno ou tomando en consideración e dando trámite a un rogo presentado no mesmo sentido. Por descontado que estamos a favor de acometer estas actuacións para mellorar os servizos aos veciños e veciñas, para gañar en mobilidade e seguridade viaria, e tamén, non o esquezamos, ao ser parte do Camiño Primitivo, para dar unha mellor imaxe de cara ao turismo. É certo que o asunto se remonta a moitos anos atrás, e, señor López, non lle vou falar da Xunta de Galicia. Foi por unha serie de problemas que foron xurdindo ao longo dos anos. Primeiro, pois un asunto con Patrimonio en relación á capela de San Bartolomeu; posteriormente cunha granxa e incluso con algún propietario de parcelas, o caso é que a cousa se xudicializou e durante moitos anos estivo pendente de resolución. Se agora, como parece, todo está resolto, claro que nos sumamos a solicitar da Administración responsable, neste caso á Deputación Provincial que acometa canto antes estas obras. Pero, dito isto, tamén lle quero dicir que, se realmente queremos ser útiles aos veciños e mellorar esta vía, porque evidentemente a súa execución vai demorarse un tempo, o que temos que facer de forma inmediata é solicitar que se arranxe a que temos neste momento e eu nese sentido xa lle digo que temos constancia de que a Deputación ten previsto o arranxo e aglomerado do resto de tramos ata rematar o límite do municipio; por iso me parece moi acaída a emenda ou autoemenda que presentaron e por iso xa lles digo que a imos apoiar.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda, minuto e medio para o portavoz do Partido Popular, o señor López.

- **MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Grazas, alcaldesa.

Alégrame o que acaba de dicir o señor Fernández, que van asfaltar o resto da vía. Hai poucos días nosoutros facíamonos eco de solucionar o problema que demandan os veciños de San Pedro de Mera, que igual que os veciños de Portomillo, Prógalo e Bacurín están a sufrir que a Deputación en vez dunha estrada digna para acceder ás súas casas lles teñan unha corredoira impracticable, o que poderíamos definir como un auténtico camiño de cabras. Polo tanto esta estrada, a Provincial 2901, por chamala dalgunha maneira, necesita unha revisión urxente para o seu arranxo e reasfaltado desde O Burgo ata o cruce de San Román.

E eu preguntolles, señores do PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, que lles fixeron os veciños desta zona?, porque desde que gobernan na Deputación desde o ano 2009, que o Partido Popular lles deixara contratado coas expropiacións feitas e pagadas o tramo de Santa Eulalia de Bóveda a Uceira, vostedes deron marcha atrás e non fixeron a obra. Igual que no tema do que

estamos a falar e na actualidade teñen as dúas estradas provinciais 2901 e 2903, que son as que vertebran o val do Mera feitas corredeiras. Eu non creo que estes veciños merezan ese trato, eu garántolles que son boa xente.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, quenda agora para o portavoz de Cidadáns; non?, renuncia a ela. Quenda agora para o portavoz do Goberno, o señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Eu, señor López, demagoxias á parte, xa lle dixen que estamos de acordo en que é necesario acometer o arreglo desta vía. Nós desde logo non estivemos de brazos caídos, e un pouco dicíao vostede antes, grazas á nosa insistencia, á nosa iniciativa pois asfaltouse inicialmente un primeiro tramo en aglomerado en quente, arreglouse posteriormente unha fochanca, que recordo e recorda vostede que se remonta nada menos que a época de Cacharro Pardo; tamén se procedeu a entubar a cuneta, co cal se solucionou o problema; máis recentemente asfaltamos ata 1 km e pouco o seguinte tramo; e, como lle digo, pola información que temos da Deputación Provincial é que este verán teñen planificado proceder ao arranxo e ao bacheo da totalidade dos tramos que quedan ata...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois última quenda para o portavoz do Partido Popular.

- **MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Señor Fernández, alégrome do que di que van a facer e que estean de acordo con nós, pero non están de acordo con nós, están de acordo cos veciños. Pero, bueno, vostedes o único que ata agora lles preocupou do Camiño Primitivo foi facerse a foto, e aos exemplos me remito, PSOE e BNG encargan por duplicado dúas esculturas para a promoción desta ruta e inauguralas cada un polo seu lado. Evidentemente as estatuas están na cidade, porque para vostedes do rural nin se acordan, soamente de facer cacicadas para favorecer os seus amigos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Dúas esculturas sobre o Camiño, e anúnciolle que incluso ao mellor pode haber algunha máis, igual que hai varias esculturas sobre romanos e castrexos na nosa cidade, independentemente de que... poida saír porque estamos a falar de promocionar algo que é bo e necesario. Igual que hoxe estamos a falar aquí desta proposta na que vostedes mesmos se emendan, porque a autoemenda da anterior é lóxico cos acontecementos, pero neste caso eses 7 km nós xa os vimos reivindicando e demandando dende hai tempo, así llo trasladamos á Deputación Provincial, así o asumiu a Deputación Provincial, que está facendo en fases de arranxo e recentemente fixo unha, como ben dicía o portavoz do Goberno. Nós seguiremos instando todas as administracións independentemente da cor política de cada Administración, defendendo os intereses de Lugo, que ese é o noso único e grande obxectivo.

Imos votar a proposta do Partido Popular con esa autoemenda de engádega para aumentar a rehabilitación de toda a vía 2901, e procedemos á votación.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

12/103 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 212/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR AO GOBERNO DE ESPAÑA QUE RESPECTE AS DECISIÓN XUDICIAIS E NON CONCEDA O INDULTO AOS LÍDERES INDEPENDENTISTAS CATALÁNS CONDENADOS POR SEDICIÓN (EXP. 2021/G004/000549).-

Vista a referida proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 212/2021 de Rexistro de Pleno, cuxa elevación a Pleno foi ditaminada favorablemente na Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do 18 de xuño de 2021, do seguinte teor literal:

“En outubro de 2017, diversos partidos e membros do Goberno de Cataluña organizaron un referendo ilegal co obxectivo de separar esta comunidade autónoma do resto de España e crebar a indisoluble unidade do noso país que recoñece a nosa Carta Magna.

Ademais, proclamaron de forma ilegal a independencia e a constitución dunha ilegal república catalá.

Por iso, dous anos despois os impulsores destes actos (Oriol Junqueras, Carme Forcadell, etc.) foron condenados polo Tribunal Supremo a penas que oscilaban entre os 9 e os 13 anos de prisión así como a penas de inhabilitación.

O alto tribunal considerou probado que devanditos condenados cometeran delitos de sedición e/ou malversación.

No momento de coñecerse a sentenza, o Presidente Sánchez "garantía tanto á cidadanía catalá como ao conxunto da cidadanía española que esa sentenza ía cumprir na súa totalidade" posto que "ninguén está por encima da lei" mentres que outros membros do seu goberno defendían que as penas impostas debían cumprirse integramente.

Pero tanto Sánchez como o seu goberno seguían necesitando os votos dos partidos independentistas cataláns para manterse no poder; unha necesidade que se fixo máis perentoria tras as eleccións xerais celebradas en novembro de 2019 nas que o PSOE perdeu case 800.000 votos e 3 escanos respecto a celébralas no mes de abril do mesmo ano.

Esa necesidade foi o detonante de que o goberno propuxese realizar unha modificación do delito de sedición, incluída dentro unha reforma máis amplía do Código penal, que supoñería unha rebaixa das penas aos condenados polo 1-Ou.

Unha reforma que como explicou en setembro de 2020 o actual Ministro de Política Territorial e Función Pública, Miquel Iceta, era necesario abordar porque "é importante que o Goberno demostre que quere ir resolvendo temas concretos" (dito en referencia á situación dos presos polo 1-Ou).

E agora, en 2021, o Presidente Sánchez e o seu goberno non esconden a súa vontade de indultar a uns condenados que non só non mostraron nadiña de nada de arrepentimento senón que deixaron claro (tanto no xuízo, ao exercer o seu

dereito á última palabra, como en declaracións posteriores) que teñen intención de reincidir nos delitos cometidos.

Ademais, tanto a Fiscalía como o Tribunal Supremo opóñense ao indulto.

O alto tribunal, nun demoledor e clarísimo informe aprobado por unanimidade dos seus membros, explica que o que pretenden o Presidente Sánchez e o seu goberno é retorcer a natureza do indulto e cuestionar "os orzamentos que fan lexítimo o exercicio da función xurisdiccional".

É dicir, o goberno está a poñer en dúbida, do mesmo xeito que os fan os líderes independentistas, o funcionamento da xustiza española, co que iso significa de ataque a unha institución que constitúe o pilar fundamental da nosa democracia.

Por último, destacar que o Tribunal Supremo deixa en evidencia a verdadeira intención do Goberno ao defender o indulto, que nos é outra que a súa mera supervivencia política, ao lembrar que "algúns dos que aspiran ao beneficio do dereito de graza son precisamente líderes políticos dos partido que, neste momento, garanten a estabilidade do Goberno chamado ao exercicio do dereito de graza".

Por todo o exposto e ante a fundada sospeita de que non nos atopamos ante un indulto senón ante un pago político, o Grupo Municipal Popular no Concello de Lugo, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

O pleno do Concello de Lugo:

PRIMEIRO.- Expresa o seu respaldo incondicional e absoluto á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico español como garantes da integridade e unidade da nación e do estado de dereito e a democracia no noso país.

SEGUNDO.- Manifesta o seu apoio sen fisuras ao labor que realizan todos os días os diferentes tribunais de xustiza españois, con especial mención ao Tribunal Supremo, de maneira independente, responsable e sometidos unicamente ao imperio da lei como establece o artigo 117 da Constitución Española.

TERCEIRO.- Insta o Goberno de España a respectar a independencia das diferentes institucións do Estado e as decisións xudiciais e a non conceder o indulto a aqueles que vulneraron- como declarou probado o Tribunal Supremo- non só a nosa Carta Magna senón tamén outras leis españolas e que, como repetiron en numerosas ocasións, pretenden reincidir no delito de sedición labor.

CUARTO.- Insta o Presidente do Goberno de España a comparecer no Congreso dos Deputados nun pleno monográfico para explicar a súa intención de conceder o indulto aos condenados pola sentenza 459/2019, do 14 de outubro, pola convocatoria dun referendo ilegal e a proclamación ilegal dunha república catalá independente.

QUINTO.- Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, ao Ministro de Xustiza e aos Portavoces dos Grupos Políticos do Congreso y del Senado."

Tendo en conta, así mesmo, a emenda presentada polo propio Grupo Municipal do Partido Popular, número 222 de Rexistro de Pleno, na que se propón substuír a redacción dos puntos dispositivos terceiro, cuarto e quinto da súa proposición por esta outra:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

“TERCEIRO.- Condena a decisión do goberno de España de conceder o indulto a aqueles que vulneraron- como declarou probado o Tribunal Supremo- non só a nosa Carta Magna senon tamén outras leis españolas e que, como repetiron en numerosas ocasións, pretenden reincidir no delito de sedición cometido.

CUARTO.- Esixe a dimisión do Presidente do Goberno e a inmediata convocatoria de eleccións por incumplir o Sr. Sánchez o seu xuramento constitucional e enganando ao pobo español que, como único depositario da soberanía nacional- tal e como proclama a Constitución no seu artigo 1.2- é fonte da que emanan todos os poderes do estado, debe e ten que opinar sobre esta decisión.

QUINTO.- Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, ao Ministro de Xustiza e aos Portavoces dos Grupos Políticos do Congreso e do Senado.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coa redacción dada pola emenda presentada, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente co punto número 7/98. As intervencións producidas figuran ao pé do referido acordo.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

13/104 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 5 DE MAIO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN.-

En conformidade co informe da Vicesecretaría Municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización,

funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus Delegados e Delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno dende o día 5 de maio de 2021, coa numeración 3681/2021 a 5081/2021, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2021.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informada para os oportunos efectos.

CONCELLO E CIDADANÍA

14/105 INFORME ANUAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ANTERIOR, PREVISTO NO ARTIGO 131.4 e) DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO PLENO DO CONCELLO DE LUGO.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA da proposta da Concelleira Delegada da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza, do seguinte teor literal:

“Asunto: **DACIÓ DE CONTA AO CONCELLO PLENO DO INFORME ANUAL 2020 PRESENTADO NA XUNTANZA DA COMISIÓ ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS CELEBRADA O DÍA 17 DE XUÑO DE 2021** en cumprimento do establecido no artigo 131.4e) do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo.

Visto informe do responsable da oficina de Queixas e Suxestións de data 6 de maio de 2021, do seguinte teor:

“Angel Brú Guzmán, sociólogo da Area de Participación e Servizos para a Veciñanza, en cumprimento do establecido no vixente Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo,

INFORMA: No período comprendido entre os días 1 de xaneiro e 31 de decembro do ano 2020 admitíronse a trámite **198 expedientes**, segundo o seguinte detalle:

Suxestións: 32 (16,16 %)

Queixas: 166 (83,83 %)

Resoltos: 179 (90,40 %)

Pendientes: 16 (8,08 %)

Arquivados: 3 (1,51 %)

Informes emitidos en prazo (antes de 15 días): 91 (50,83%)

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

Informes emitidos fóra de prazo: 88 (49,16%)
Resoltos en prazo (antes de 3 meses): 152 (84,91%)
Resoltos fóra de prazo: 27 (15,08%)

R: resoltos

P: pendentes

I+: informes emitidos en prazo (antes de 15 días)

I-: informes emitidos fóra de prazo

R+: resoltos en prazo (antes de 3 meses)

R-: resoltos fóra de prazo

1. ÁREA DE ALCALDÍA

Expedientes: 34 (17,17 %)

Suxestións: 4 (12,50 %)

Queixas: 30 (18,07 %)

Resoltos: 33 (97,05 %)

Pendientes: 1 (2,94 %)

servizo	nº exp.	R	P	I+	I-	R+	R-
POLICÍA LOCAL	20	19	1	12	7	17	2
INFORMÁTICA	12	12	0	8	4	11	1
POLICÍA URBANA	1	1	0	0	1	0	1
NOTIFICADORES	1	1	0	0	1	1	0
	34	33	1	20	13	29	4

2. ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS

Expedientes: 48 (24,24 %)

Suxestións: 10 (31,25 %)

Queixas: 38 (22,89 %)

Resoltos: 44 (91,66 %)

Pendientes: 2 (4,16 %)

Arquivados: 2 (4,16 %)

servizo	nº exp.	R	P	A	I+	I-	R+	R-
ENXEÑARÍA	20	18	0	2	7	11	13	5
TRANSPORTES	17	17	0	0	4	13	15	2
SINALIZACIÓN	8	7	1	0	3	4	5	2
VÍAS E OBRAS	2	1	1	0	0	1	1	0
MOBILIDADE	1	1	0	0	0	1	0	1
	48	44	2	2	14	30	34	10

3. ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL SOSTIBLE

Expedientes: 52 (26,26 %)

Suxestións: 8 (25,00 %)

Queixas: 44 (26,50 %)
 Resoltos: 40 (76,92 %)
 Pendentes: 11 (21,15 %)
 Arquivados: 1 (1,92 %)

servizo	nº exp.	R	P	A	I+	I-	R+	R-
MEDIO AMBIENTE	32	25	6	1	10	15	15	10
AUGAS	10	7	3	0	5	2	7	0
AXENCIA DESENVOLVEMENTO LOCAL	3	3	0	0	1	2	3	0
PARQUES E XARDÍNS	2	1	1	0	0	1	1	0
XESTIÓN	2	2	0	0	1	1	1	1
LICENZAS	1	1	0	0	1	0	1	0
EDUSI	1	0	1	0	0	0	0	0
	52	40	11	1	18	22	29	11

4. ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

Expedientes: 14 (7,07 %)
 Suxestións: 0
 Queixas: 14 (8,43 %)
 Resoltos: 13 (92,85 %)
 Pendentes: 1 (7,14 %)

servizo	nº exp.	R	P	I+	I-	R+	R-
TESOURERÍA	13	12	1	9	3	11	1
FACENDA LOCAL	1	1	0	0	1	1	0
	1	1	0	0	1	1	0

5. ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

Expedientes: 13 (6,56 %)
 Suxestións: 3 (9,37 %)
 Queixas: 10 (6,02 %)
 Resoltos: 13 (100 %)
 Pendentes: 0

servizo	nº exp.	R	P	I+	I-	R+	R-
CULTURA	10	10	0	3	7	10	0
EDUCACIÓN	3	3	0	6	7	13	0
	13	13	0	6	7	13	0

6. ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES

Expedientes: 14 (7,07 %)
 Suxestións: 2 (6,25 %)
 Queixas: 12 (7,22 %)
 Resoltos: 14 (100 %)

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2032651006540413660.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 24-6-20211

Pendentes: 0

servizo	nº exp.	R	P	I +	I-	R+	R-
DEPORTES	13	13	0	11	2	13	0
ZONA RURAL	1	1	0	1	0	1	0
	14	14	0	12	2	14	0

7. ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL

Expedientes: 5 (2,52 %)

Suxestións: 1 (3,12 %)

Queixas: 4 (2,40 %)

Resoltos: 5 (100 %)

Pendentes: 0

servizo	nº exp.	R	P	I +	I-	R+	R-
SERVIZOS SOCIAIS	3	3	0	1	2	3	0
PREVENCIÓN DROG.	1	1	0	0	1	1	0
XUVENTUDE	1	1	0	0	1	1	0
	5	5	0	1	4	5	0

8. AREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

Expedientes: 18 (9,09 %)

Suxestións: 4 (12,50 %)

Queixas: 14 (8,43 %)

Resoltos: 17 (94,44 %)

Pendentes: 1 (5,55%)

servizo	nº exp.	R	P	I +	I-	R+	R-
ATENCIÓN Ó C.	4	3	1	3	0	3	0
TARXETA C.	4	3	1	3	0	3	0
ESTADÍSTICA	3	3	0	1	2	3	0
REXISTRO	2	2	0	1	1	1	1
	18	17	1	11	6	16	1

É canto procede informar.”

PROPOÑO:

Que, segundo establece o regulamento da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, se tome razón do informe anual correspondente ao ano 2020 sobre as suxestións e reclamacións presentadas.”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

Rematados os asuntos que figuran na orde do día, a Alcaldesa Presidenta, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ manifesta: Queremos tamén

transmitirlle as condolencias ao noso compañeiro de Corporación polo pasamento da súa nai, ao compañeiro Manuel Rafael Pérez Prados polo pasamento de dona Carmen Rosa Prados López e transmitirlo a el nominativamente e a toda a familia e amigos, e así lle faremos chegar estas condolencias en nome de toda Corporación de Lugo.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excm. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as doce horas e vinte e seis minutos do expresado día vinte e catro de xuño de dous mil vinte e un, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.